

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019104	CEIP Plurilingüe Nantes	Sanxenxo	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias da Natureza	3º Pri.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	17
9. Outros apartados	18

1. Introducción

Esta programación didáctica está pensada para ser levada a cabo dende a área de Ciencias da Natureza no CEIP Plurilingüe Nantes, concello de Sanxenxo (Pontevedra). Este centro é de liña un, contando con 8 unidades (2 de educación infantil e 6 de educación primaria).

O alumnado para o cal se elaborou dita programación atópase no terceiro curso da etapa, polo que conta con oito anos de idade aproximadamente. Son 15 alum@s (7 nenas e 8 nenos), e constitúen un grupo moi heteroxéneo, con deferentes ritmos e estilos de aprendizaxe. Hai que destacar que dentro deste alumnado atópase alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e necesidades eucativas especiais, para os cales se recollen nesta programación medidas específicas.

O obxectivo principal da área de Ciencias da Natureza é que as nenas e nenos cheguen a ser persoas activas, responsables e respectuosas co mundo en que viven, escomezando pola contorna máis cercana, que ofrece moitos recursos, xa que o centro está emprazado nunha zona rural, rodeado de natureza. Ademais, o centro conta con grandes espazos verdes e un horto escolar para vivenciar diferentes aspectos propios desta área.

A materia que nos ocupa está organizada en catro bloques de contidos : "Cultura Científica" , "A vida no noso planeta", "Materias, forzas e enerxía" e "Tecnoloxía e dixitalización".

Así, o alumnado adquirirá conceptos, destrezas e actitudes relacionadas co coñecemento e a organización dos seres vivos, a materia, as forzas e as formas de enerxía; o respecto cara aos seres vivos e a súa contorna a favor da consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Por outra banda, o avance das tecnoloxías e a súa influencia na vida cotiá, fai preciso que o alumnado coñeza as tecnoloxías que o rodea e faga un uso seguro, eficaz e responsable das mesmas.

Todo isto levarase a cabo nas 7 unidades didácticas que conforman esta programación, quedando dúas unidades en cada trimestre, e unha que se traballará ao longo de todo o curso, tal e como se especifica no punto 3.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.			5		1-2-3	3		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, co coidado e coa protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.			3-4	5	3-4-5		1-3	4

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O PLANETA DA VIDA	Nesta unidade acercárase o alumnado aos reinos da natureza, coñecendo as súas características máis importantes para levar a cabo a clasificación dos mesmos.	15	18	X		
2	UNHA GRAN VARIÉDADE DE ANIMAI	O eixe central da unidade son os animais e as súas características, así como a clasificación en animais vertebrados e invertebrados. Ademais, levarase a cabo un acercamento as diversas formas nas que realizan as funcións vitais.	15	18	X		
3	A VIDA DAS PLANTAS	As plantas e as súas características principais son os contidos fundamentais desta unidade, onde coñeceremos como viven e como realizan as súas funcións vitais.	14	16		X	
4	A VIDA NOS ECOSISTEMAS	Ao longo da unidade o alumnado coñecerá os elementos que conforman os ecosistemas e as relacións que os seres vivos establecen neles.	14	16		X	
5	DE QUE ESTÁN FEITAS AS	Nesta unidade trataranse aspectos	14	16			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	COUSAS?	relacionados coa materia e a enerxía. Por unha banda a materia, a súa composición e os seus cambios de estado e os cambios que produce a calor nos corpos. Por outra banda a enerxía, diferenciando renovables de non renovables, así como o coñecemento das máquinas e o seu uso na vida cotiá.	14	16			X
6	OS ORDENADORES NA NOSA VIDA	Nesta unidade do curso o alumnado traballará contidos relacionados co bo uso das tecnoloxías: busca de información a través de recursos e dispositivos dixitais, aplicación de normas básicas de seguridade e privacidade, vocabulario básico do ámbito tecnolóxico...	14	12			X
7	PROXECTOS	Nesta unidade inclúense actividades levadas a cabo durante todo o curso onde se poñen en práctica as competencias: proxectos, investigacións, experimentos, exposición de traballos individuais e en equipo...	14	9	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O PLANETA DA VIDA	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar as características, organización e propiedades dos seres vivos dos diferentes reinos.	PE	80
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural mostrando comprensión das relacións que se establecen nel.	Identificar conexións sinxelas entre os diferentes seres vivos, mostrando comprensión das relacións que se establecen.		
CA2.3 - Coñecer e protexer o medio natural, valorándoo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Valorar o medio natural como ben común e propoñer accións para a súa conservación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas nas actividades da aula.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Os reinos da natureza desde unha perspectiva xeral e integrada. Utilización de claves e guías para clasificar e identificar os diferentes reinos a través das súas características observables.

UD	Título da UD	Duración
2	UNHA GRAN VARIEDADE DE ANIMAIS	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar as características, organización e propiedades dos animais.	PE	80
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural mostrando comprensión das relacións que se establecen nel.	Identificar conexións sinxelas entre as características dos diferentes grupos de animais, mostrando comprensión das relacións que se establecen.		
CA2.3 - Coñecer e protexer o medio natural, valorándoo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Valorar o medio natural como ben común e propoñer accións para a súa conservación.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas nas actividades da aula.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais).

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Características e clasificación de animais vertebrados e invertebrados. Observación e comparación das diversas formas en que realizan as funcións vitais. - Valoración da biodiversidade e importancia da súa conservación. Respecto polos seres vivos da contorna. Animais en perigo de extinción.

UD	Título da UD	Duración
3	A VIDA DAS PLANTAS	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar as características, organización e propiedades das plantas.	PE	80
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural mostrando comprensión das relacións que se establecen nel.	Identificar conexións sinxelas entre as aprendizaxes realizadas sobre as plantas, mostrando comprensión das relacións que se establecen.		
CA2.3 - Coñecer e protexer o medio natural, valorándoo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Valorar o medio natural como ben común e propoñer accións para a súa conservación.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas nas actividades da aula.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Clasificación das plantas a través das súas características observables. Análise, a través da experimentación, da súa capacidade de adaptación ao medio en que viven e realizan as funcións vitais.

UD	Título da UD	Duración
4	A VIDA NOS ECOSISTEMAS	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar as características, organización e propiedades dos ecosistemas.	PE	80
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural mostrando comprensión das relacións que se establecen nel.	Identificar conexións sinxelas entre os elementos dos ecosistemas, mostrando comprensión das relacións que se establecen.		
CA2.3 - Coñecer e protexer o medio natural, valorándoo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Valorar o medio natural como ben común e propoñer accións para a súa conservación.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas nas actividades da aula.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Identificación dun ecosistema e dos elementos que o compoñen. Observación dun ecosistema próximo recollendo datos en diferentes soportes e elaborando hipóteses de forma guiada. - Relación do ser humano cos ecosistemas. Exemplos de bos e malos usos dos recursos naturais do noso planeta e das súas consecuencias. - Valoración da biodiversidade e importancia da súa conservación. Respecto polos seres vivos da contorna. Animais en perigo de extinción.

UD	Título da UD	Duración
5	DE QUE ESTÁN FEITAS AS COUSAS?	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer as características, organización e propiedades da materia, as máquinas e da enerxía.	PE	80
CA3.2 - Coñecer diferentes formas e fontes de enerxía, identificando os seus usos na vida cotiá.	Coñecer diferentes formas e fontes de enerxía.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Recoñecer a través de pequenas investigacións diferentes formas de produción da calor e dos seus efectos sobre os corpos.	Recoñecer os efectos da calor nos corpos.		
CA3.4 - Analizar os efectos das forzas sobre determinados obxectos de uso común, realizando experiencias sinxelas e pequenas investigacións con máquinas e aparellos.	Analizar os efectos da forzas sobre obxectos de uso común.		
CA3.5 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica hábitos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado e protección da contorna e de uso sustentable dos recursos naturais, e expresar os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Identificar problemas ecosociais e propoñer posibles solucións.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas nas actividades da aula.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Identificación dos estados en que se presenta a materia na nosa contorna. Cambios de estado da auga. - Fontes de enerxía renovables e non renovables. - A calor e as súas formas de produción. Cambios de estado e instrumentos de medida. Efectos da calor sobre a materia a través da experimentación. - Propiedades das máquinas simples, a súa observación e manipulación. Aplicacións e usos na vida cotiá. - Uso responsable dos recursos naturais do planeta. Impacto ambiental: contaminación e residuos.

UD	Título da UD	Duración
6	OS ORDENADORES NA NOSA VIDA	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas nas actividades da aula.	TI	100
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura para a busca de información e creación de contidos dixitais.		
CA4.2 - Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e os materiais adecuados.	Construír en equipo un produto final sinxelo de forma guiada, empregando as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.		
CA4.3 - Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos explicando os pasos seguidos.	Presentar o seu produto final en diferentes formatos con axuda dun guión.		
CA4.4 - Resolver, de forma guiada, problemas sinxelos de programación, modificando algoritmos de acordo con principios básicos do pensamento computacional.	Resolver problemas sinxelos a través do pensamento computacional.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Procuras guiadas de información na internet seguras e eficientes. - Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais). - Coñecemento das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar pola internet. - Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto. - Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e mensaxes non desexadas) e estratexias de actuación. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Identificación e selección dos materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a elaboración dun proxecto. - Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e proba, avaliación e comunicación. - Iniciación á programación. Recursos dixitais (plataformas dixitais de iniciación á programación, aplicacións de

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - programación por bloques, robótica educativa...). - Vocabulario básico do ámbito tecnolóxico. - Técnicas cooperativas sinxelas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

UD	Título da UD	Duración
7	PROXECTOS	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar e seleccionar información básica para as súas investigacións.	TI	100
CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.	Realizar experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos.		
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos.		
CA3.3 - Recoñecer a través de pequenas investigacións diferentes formas de produción da calor e dos seus efectos sobre os corpos.	Recoñecer os efectos da calor nos corpos.		
CA3.4 - Analizar os efectos das forzas sobre determinados obxectos de uso común, realizando experiencias sinxelas e pequenas investigacións con máquinas e aparellos.	Analizar os efectos da forzas sobre obxectos de uso común.		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participar en tarefas en equipo realizando o rol que lle corresponda, e respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. - Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico.

Contidos

- Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación, rexistrando os seus resultados.
- Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais).
- A calor e as súas formas de produción. Cambios de estado e instrumentos de medida. Efectos da calor sobre a materia a través da experimentación.
- Propiedades das máquinas simples, a súa observación e manipulación. Aplicacións e usos na vida cotiá.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
- Técnicas cooperativas sinxelas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

Para acadar este obxectivo metodolóxico, levarase a cabo:

- A realización de proxectos que partan dos coñecementos previos do alumnado e da súa contorna próxima, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe.
- Actividades que partan da observación e experimentación, traballando o método científico a través de diversas investigacións e traballos desenvolvendo estruturas de aprendizaxe cooperativo.
- Tarefas de aprendizaxe que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos... nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias.
- Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais.

Para levar a cabo estas actividades:

- Partirase dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional.
- As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais.
- Utilizarase unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando o alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos contidos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos materiais
Recursos tecnolóxicos
Recursos dixitais
Recursos espaciais

RECURSOS MATERIAIS: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina, material de laboratorio, balanzas, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta,...

RECURSOS TECNOLÓXICOS: ordenadores, robots educativos, pizarras dixitais, proxectores, tablets, placas programables (Makey-Makey...)

RECURSOS DIXITAIS: aula virtual, enciclopedias online, vídeos educativos, libros dixitais, páxinas de fichas interactivas (Liveworksheets), aplicacións para introducir ao alumnado na linguaxe da programación segundo a súa idade (Scratch, mblock ou makeblock...), kahoot ou plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo..., así como os diversos espazos da contorna.

É preciso puntualizar que o emprego de material non é un fin en si mesmo e non garante a consecución dos obxectivos, esixe dunha planificación e secuenciación por parte da docencia.

O emprego do material require dunhas pautas para o seu uso e conservación, deberán ser asumidas e respectadas por todo o alumnado e o seu cumprimento será responsabilidade individual de cada persoa, se ben o reparto e recollida do mesmo estará incluído dentro dos roles dos equipos de traballo.

A distribución e colocación do material na aula favorecerá a accesibilidade para todo o alumnado, de tal xeito que lle resulte sinxelo collelo cando sexa necesario.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, dos plans de reforzo.
- Recollida de información nas entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, ...
- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades de expresión oral e escrita, comprensión oral e escrita, busca de información guiada...

Os resultados da avaliación inicial daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que participará a totalidade do equipo docente. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do departamento de orientación, decidiranse as medidas de atención á diversidade máis pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	14	14	14	14	14	100
Proba escrita	80	80	80	80	80	0	0	58
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	100	100	42

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia teranse en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, que son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán sobre todo probas obxectivas (orais e/ou escritas), tarefas e fichas avaliáveis, que versarán sobre contidos de cada unidade.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o traballo do caderno de clase, o grao de

responsabilidade na execución dos proxectos, o respecto polos compañeiros e a capacidade de seguir instrucións e expresión e comunicación de resultados.

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse as seguintes porcentaxes:

UNIDADE 1: Probas escritas: 70%. Táboas de indicadores 30%

UNIDADE 2: Probas escritas: 70%. Táboas de indicadores 30%

UNIDADE 3: Probas escritas: 70%. Táboas de indicadores 30%

UNIDADE 4: Probas escritas: 70%. Táboas de indicadores 30%

UNIDADE 5: Probas escritas: 70%. Táboas de indicadores 30%

6: Táboas de indicadores 100%

7: Táboas de indicadores 100%

UNIDADE

Para o cálculo da nota de cada avaliación realizarase o seguinte procedemento:

NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= media UDs 1 e 2 (80%) + NOTA UD7 (20%)

NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= media UDs 3 e 4 (80%) + NOTA UD7 (20%)

NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= media UDs 5 e 6 (80%) + NOTA UD7 (20%)

De cara a avaliación final, o peso da nota de cada trimestre será o seguinte:

1o TRIMESTRE: 34%

2o TRIMESTRE: 33 %

3o TRIMESTRE: 33%

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa igual ou maior que cinco.

Cualificacións: O resultado da avaliación expresarase con cualificacións numéricas enteiras nos niveis:

- 0 a 4 puntos: Insuficiente (IN).

- 5 puntos: Suficiente (SU).

- 6 puntos: Ben (BE).

- 7 e 8 puntos: Notable (NT).

- 9 e 10 puntos: Sobresaliente (SB).

Grao mínimo de consecución para superar a materia: O alumnado deberá acadar como mínimo o 50% do 100% na avaliación final para superar a materia, é dicir, 5 puntos dos 10 totais.

Cráterios de recuperación:

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia realizando ben tarefas sobre os contidos traballados, ou ben probas obxectivas.

6. Medidas de atención á diversidade

Partindo da diversidade que amosa o alumnado e de que este non aprende nin da mesma forma nin ao mesmo ritmo, cómpre ter en conta os distintos perfís, ritmos e necesidades de aprendizaxe que existan na aula, observados dentro do grupo ou de forma individualizada, de cara a que as medidas que se adopten reforcen a aprendizaxe de cada alumna e de cada alumno na medida en que esta ou este o precise.

Xunto co departamento de orientación do centro, porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. En xeral, o momento no que se producirá esta detección será durante o proceso de avaliación inicial. Así, tan rápido como se detecten esas necesidades, adoptaranse as medidas educativas máis axeitadas que lle permitan á alumna ou ao alumno continuar de forma óptima o seu proceso educativo.

Entre as medidas que se poderían poñer en marcha estarían:

1. Medidas ordinarias, que faciliten a adecuación do currículo prescrito sen alteración significativa do mesmo. Teranse en conta, no seu caso, distintas medidas que atendan a:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas, resumos, etc.

- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais...

- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.

- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.

2. Medidas extraordinarias, que dean resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poida requirir modificacións significativas dos elementos prescritivos do currículo. A este respecto, e en relación ao que se observe na aula e o que se propoña desde o departamento de orientación, realizaranse as adaptacións curriculares que se precisen.

En relación ao anterior, habería outras medidas na procura dunha mellor atención á diversidade do alumnado que poderán poñerse en marcha en relación aos recursos existentes no centro:

- A atención de profesorado especialista en pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe.
- O aproveitamento dos recursos da contorna dixital do centro, que poden facilitar que cada alumna ou cada alumno realice tarefas graduais e moduladas acordes ás súas capacidades, podendo ampliar coñecementos ou centrarse en aspectos máis puntuais.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - A comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	
ET.2 - A expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	
ET.3 - A comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	
ET.4 - A competencia dixital	X	X	X	X	X	X	
ET.5 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	
ET.6 - O fomento do emprendemento					X	X	
ET.7 - O espírito científico	X	X	X	X	X	X	
ET.8 - A educación para a saúde	X	X	X	X			
ET.9 - A educación afectivo-sexual	X	X					
ET.10 - A igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X	
ET.11 - A educación para a sostibilidade				X	X	X	
ET.12 - A educación para o consumo responsable					X	X	

Observacións:

Segundo o recollido no artigo 17 (elementos transversais) do Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, na posta en práctica desta programación traballarase de xeito transversal: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional.

Ademais dos elementos transversais citados anteriormente, prestarase especial atención á orientación educativa, á acción tutorial e á educación emocional e en valores.

Tamén se incidirá na prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

O alumnado participará en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións	Celebración das conmemoracións establecidas na PXA.	X	X	X
Festividades	Celebración das festividades tradicionais do ciclo anual	X	X	X
Saídas didácticas	Participación nas saídas didácticas organizadas.	X	X	X
Outras actividades	Participación noutro tipo de actividades como obradoiros, charlas...	X	X	X

Observacións:

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

En canto ás actividades complementarias, realizaranse actividades relacionadas coas diferentes conmemoracións establecidas na PXA:

1º TRIMESTRE

Día Universal da infancia (20/11), Día Internacional contra a Violencia de xénero (25/11), Conmemoración da Constitución e Estatuto de Autonomía de Galicia (06/12), Día Internacional da Persoas con Discapacidade (03/12) e Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos(10/12).

2º TRIMESTRE

Día Escolar da non Violencia e da Paz (30/01), Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia (11/02), Día de Rosalía de Castro (23/02), Semana da prensa (2ª semana de marzo) e Día Internacional da Muller (08/03)

3º TRIMESTRE

Día Internacional dos Dereitos do Consumidor (15/03), Día das Artes Galegas (01/04), Día Mundial da Saúde (07/04), Día da Terra (24/04), Semana do Libro (23/04), Día Internacional contra o Acoso Escolar (02/05), Semana da Letras Galegas (17/05) e Día Mundial do Ambiente (05/06)

Ademais, celebraranse festas tradicionais como o Samaín, o Magosto e o Entroido, así como outras actividades que os equipos docentes deseñarán no momento oportuno (lecturas, contacontos, presentacións, saídas...), e que servirán para o desenvolvemento das competencias clave.

Tamén se realizarán actividades relacionadas cos programas nos que participa o centro e programaranse saídas didácticas para realizar nos diferentes trimestres.

En todas as actividades programadas tratarase de fomentar a convivencia, desenvolver actitudes de solidariedade e irmandade entre o alumnado e profesorado, ademais de salientar valores sociais, culturais e morais, imprescindibles para o bo progreso dos individuos como seres sociais.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación da programación ao contexto da aula.
Temporalización da programación axeitada.
Metodoloxía empregada
Metodoloxía adaptada ás características do alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Organización e aproveitamento dos recursos e materiais.
Medidas de atención á diversidade
Implementación de medidas de atención á diversidade.
Clima de traballo na aula
Establecemento dun clima de traballo positivo na aula.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Coordinación co equipo docente e familias.

Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente teranse en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítennos coñecer información axeitada do noso labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. Para o seguimento da actividade lectiva utilizarase o diario de clase, xa que esta ferramenta permite comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedaran reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

O seguimento e avaliación da programación atenderá aos seguintes aspectos:

- Comprobación dunha correcta planificación e temporización das unidades didácticas.
- Seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado. En función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora nos aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019104	CEIP Plurilingüe Nantes	Sanxenxo	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	3º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	18

1. Introducción

Esta programación didáctica está pensada para ser levada a cabo dende a área de Ciencias Sociais no CEIP Plurilingüe Nantes, concello de Sanxenxo (Pontevedra). Este centro é de liña un, contando con 8 unidades (2 de educación infantil e 6 de educación primaria).

O alumnado para o cal se elaborou dita programación atópase no cuarto curso da etapa, polo que conta con nove anos de idade aproximadamente. Son 15 alum@s (7 nenas e 8 nenos), e constitúen un grupo moi heteroxéneo, con deferentes ritmos e estilos de aprendizaxe. Hai que destacar que dentro deste alumnado atópase alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e necesidades eucativas especiais, para os cales se recollen nesta programación medidas específicas.

Os bloques nos que se organiza a materia son os seguintes: ciencia e tecnoloxía, o mundo e o desenvolvemento sostible, vivir en sociedade e leccións do pasado.

A importancia da área de Ciencias Sociais, radica en que o alumnado logre un coñecemento e respecto pola súa contorna, cultura e historia; tanto a próxima como a máis afastada, proporcionándolles as ferramentas axeitadas para formar individuos libres e con espírito crítico, que apliquen a conciencia ecosocial no coidado do noso planeta.

Todo isto levarase a cabo nas 7 unidades didácticas que conforman esta programación, quedando dúas unidades en cada trimestre, e unha que se traballará ao longo de todo o curso, tal e como se especifica no punto 3.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e as propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, aos dereitos humanos e da infancia e aos principios e valores do Estatuto de autonomía de Galicia, da Constitución española e da Unión Europea, valorando a función do Estado e das súas institucións no mantemento da paz e da seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A TERRA E AS PAISAXES	Nesta unidade traballarase o coñecemento do noso planeta como parte do sistema solar e do universo, as distintas formas de representación da Terra e tamén as súas paisaxes.	15	11	X		
2	NECESITAMOS AUGA PARA VIVIR	O centro desta unidade é a auga, onde se atopa na natureza, e incidindo na importancia do seu coidado como ben común.	15	11	X		
3	QUE IMPORTANTE É O AIRE!	Nesta unidade tratarase a atmosfera, que fenómenos se producen na mesma, tratando tamén aspectos sobre o clima.	14	11		X	
4	VIVIMOS XUNTOS	Na unidade traballaranse aspectos relacionados coa organización do territorio de Galicia, a súa cultura, poboación, e as	14	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	VIVIMOS XUNTOS	diferentes institucións. Incidirase en aspectos básicos de convivencia social, como respecto pola colectividade, empatía social e equidade.	14	10		X	
5	CANTOS TRABALLOS DIFERENTES!	A unidade céntrase no estudo dos sectores económicos da sociedade e os traballos asociados. tamén se incidirá sobre normas básicas de educación vial.	14	11			X
6	MOITAS COUSAS FÁLANONOS DO PASADO	Esta unidade trata sobre o paso do tempo, as diferentes idades da Historia, estudando as formas de vida e manifestacións artísticas na Prehistoria e na Idade Antiga.	14	10			X
7	PROXECTOS	Nesta unidade inclúense actividades levadas a cabo durante todo o curso onde se poñen en práctica as competencias: proxectos, investigacións, experimentos, exposición de traballos individuais e en equipo...	14	6	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A TERRA E AS PAISAXES	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Identificar certas características e elementos do medio natural, social e cultural referidas ao universo, o planeta Terra e ás paisaxes.	PE	80
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Relacionar basicamente elementos do medio natural, social e cultural, referidos ao universo, o planeta Terra e ás paisaxes.		
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Coñecer diferentes problemáticas ecosociais e propoñer posibles solucións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas nas actividades da aula.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual - A Terra e as catástrofes naturais. Elementos, movementos e dinámicas que ocorren no universo. - Coñecemento do espazo. Representación do espazo. Representación da Terra a través do globo terráqueo, dos mapas e doutros recursos dixitais. Uso de planos do barrio ou da localidade, como representación gráfica de espazos. Interpretación de lendas e símbolos cartográficos elementais en mapas. - Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia e interdependencia entre persoas, sociedades e medio natural. - Estilos de vida sustentable. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e da enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos residuos.

UD	Título da UD	Duración
2	NECESITAMOS AUGA PARA VIVIR	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Identificar certas características e elementos do medio natural, social e cultural referidas á hidrosfera.	PE	80
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Relacionar basicamente elementos do medio natural, social e cultural, referidos á hidrosfera.		
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Coñecer diferentes problemáticas ecosociais e propoñer posibles solucións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas nas actividades da aula.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual - Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia e interdependencia entre persoas, sociedades e medio natural. - Estilos de vida sustentable. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e da enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos residuos.

UD	Título da UD	Duración
3	QUE IMPORTANTE É O AIRE!	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Identificar certas características e elementos do medio natural, social e cultural referidas á atmosfera, o tempo e o clima.	PE	80
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Relacionar basicamente elementos do medio natural, social e cultural, referidos á atmosfera, o tempo e o clima.		
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Coñecer diferentes problemáticas ecosociais e propoñer posibles solucións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas nas actividades da aula.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual - O clima e a paisaxe. Os fenómenos atmosféricos. Toma e rexistro de datos e variables meteorolóxicas (temperatura, humidade, vento, precipitacións) e a súa representación gráfica e visual: o climograma. - O cambio climático. Introducción ás causas e consecuencias do cambio climático, e o seu impacto nas paisaxes da Terra. - Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia e interdependencia entre persoas, sociedades e medio natural. - Estilos de vida sustentable. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e da enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos residuos.

UD	Título da UD	Duración
4	VIVIMOS XUNTOS	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Relacionar basicamente elementos do medio natural, social e cultural, referidas á CCAA de Galicia (organización política, territorial, da poboación, aspectos culturais...)		
CA3.1 - Analizar a importancia demográfica, cultural e económica das migracións na actualidade, valorando con respecto e empatía a achega da diversidade cultural ao benestar individual e colectivo.	Coñecer as características básicas da organización da poboación e as migracións en Galicia.	PE	80
CA3.3 - Coñecer os principais órganos de goberno e as funcións de diversas administracións e servizos públicos, valorando a importancia da súa xestión para a seguridade integral cidadá e a participación democrática.	Coñecer os principais órganos de goberno e funcións de diversas administracións e servizos públicos galegos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas nas actividades da aula.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual - Coñecemento do espazo. Representación do espazo. Representación da Terra a través do globo terráqueo, dos mapas e doutros recursos dixitais. Uso de planos do barrio ou da localidade, como representación gráfica de espazos. Interpretación de lendas e símbolos cartográficos elementais en mapas. - Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia e interdependencia entre persoas, sociedades e medio natural. - Estilos de vida sustentable. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e da enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos residuos. - Costumes, tradicións e manifestacións culturais da contorna. Respecto pola diversidade cultural que convive na contorna da cohesión social. A cultura de paz e non violencia. - Costumes, tradicións e manifestacións culturais da contorna. Respecto pola diversidade cultural que convive na contorna da cohesión social. A cultura da paz e non violencia. - Organización e funcionamento da sociedade. As principais institucións e entidades da contorna local, rexional e nacional e os servizos públicos que prestan. Estrutura administrativa de Galicia. - Ocupación e distribución da poboación no espazo e análise dos principais problemas e retos demográficos. Representación gráfica e cartográfica da poboación. A organización do territorio en Galicia. - Compromisos e normas para a vida en sociedade.

UD	Título da UD	Duración
5	CANTOS TRABALLOS DIFERENTES!	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Relacionar basicamente elementos do medio natural, social e cultural, referidas aos sectores económicos e os traballos.	PE	60

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Interiorizar normas básicas para a convivencia no uso dos espazos públicos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, identificando os sinais de tráfico e tomando conciencia da importancia dunha mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñecer os principais sinais de tráfico e as normas básicas de convivencia e uso de espazos públicos.		
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas nas actividades da aula.	TI	40
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Mostra actitudes de respecto e igualdade cara todos os compañeiros e compañeiras, identificando e rexeitando condutas sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual - Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia e interdependencia entre persoas, sociedades e medio natural. - Estilos de vida sustentable. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e da enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos residuos. - Desigualdade social e acceso aos recursos. Usos do espazo polo ser humano e evolución das actividades produtivas. - Costumes, tradicións e manifestacións culturais da contorna. Respecto pola diversidade cultural que convive na contorna da cohesión social. A cultura de paz e non violencia. - Costumes, tradicións e manifestacións culturais da contorna. Respecto pola diversidade cultural que convive na contorna da cohesión social. A cultura da paz e non violencia. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero. - Seguridade viaria. A cidade como espazo de convivencia. Normas de circulación, sinais e marcas viarios. Mobilidade segura, saudable e sustentable como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción. - Compromisos e normas para a vida en sociedade.

UD	Título da UD	Duración
6	MOITAS COUSAS FÁLANONOS DO PASADO	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Mostra actitudes de respecto e igualdade cara todos os compañeiros e compañeiras, identificando e rexeitando condutas sexistas.	PE	80
CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Coñecer o patrimonio natural e cultural, propoñendo accións para a súa conservación e mellora.		
CA4.2 - Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, empregando as nocións de causalidade, simultaneidade e sucesión.	Identificar feitos relevantes do pasado organizándoos na liña temporal.		
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer aspectos importantes do modo de vida da Prehistoria e da idade Antiga.		
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas nas actividades da aula.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Avances no pasado relacionados coa ciencia e coa tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual - Costumes, tradicións e manifestacións culturais da contorna. Respecto pola diversidade cultural que convive na contorna da cohesión social. A cultura de paz e non violencia. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero. - As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais) como vía para a análise dos cambios e permanencias na localidade ao longo da historia. - O tempo histórico. Nocións temporais e cronoloxía. Localización temporal das grandes etapas históricas en eixes cronolóxicos. - As expresións artísticas e culturais prehistóricas e da antigüidade e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero. - O patrimonio natural e cultural. Os espazos protexidos, culturais e naturais. O seu uso, coidado e conservación. - Iniciación na investigación e nos métodos de traballo para a realización de proxectos, que analicen feitos, asuntos e temas de relevancia actual con perspectiva histórica, contextualizándoos na época correspondente. - A acción de mulleres e homes como suxeitos na historia. Descubrimentos e inventos importantes ao longo da historia.

UD	Título da UD	Duración
7	PROXECTOS	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais de acordo co contexto, traballando e forma individual e en equipo.	TI	100
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Buscar e seleccionar información de diferentes fontes, utilizando vocabulario científico básico.		
CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Realizar experimentos de maneira guiada seguindo as indicacións e anotando correctamente a información.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa, asumindo responsabilidades.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, da iniciativa e da constancia na realización das diferentes investigacións. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual

4.1. Concrecións metodolóxicas

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal e tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado.

O traballo individual, en parella ou en equipo (traballo colaborativo) serán as opcións máis empregadas para favorecer a participación total do alumnado.

Todo isto debe rexirse polos principios de normalización e inclusión e así poder atender á diversidade existente na nosa aula.

En resumo, a metodoloxía será activa, participativa, comunicativa e intentará incluír novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que sexa posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos materiais
Recursos tecnolóxicos
Recursos dixitais
Recursos espaciais

RECURSOS MATERIAIS: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina (normal e condutiva), material de laboratorio, balanzas, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta,...

RECURSOS TECNOLÓXICOS: ordenadores, robots educativos, pizarras dixitais, proxectores, tablets, placas programables...

RECURSOS DIXITAIS: aula virtual, enciclopedias online, vídeos educativos, libros dixitais, páxinas dixitais interactivas (Liveworksheets), actividades con realidade aumentada, kahoot ou plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo..., así como os diversos espazos da contorna.

É preciso puntualizar que o emprego de material non é un fin en si mesmo e non garante a consecución dos obxectivos, esixe dunha planificación e secuenciación por parte da docencia.

O emprego do material require dunhas pautas para o seu uso e conservación, deberán ser asumidas e respectadas por todo o alumnado e o seu cumprimento será responsabilidade individual de cada persoa, se ben o reparto e recollida do mesmo estará incluído dentro dos roles dos equipos de traballo.

A distribución e colocación do material na aula favorecerá a accesibilidade para todo o alumnado, de tal xeito que lle resulte sinxelo collelo cando sexa necesario.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, dos plans de reforzo.
- Recollida de información nas entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, ...
- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades de expresión oral e escrita, comprensión oral e

escrita, busca de información guiada...

Os resultados da avaliación inicial daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que participará a totalidade do equipo docente. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do departamento de orientación, decidiranse as medidas de atención á diversidade máis pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	14	14	14	14	14	100
Proba escrita	80	80	80	80	60	80	0	66
Táboa de indicadores	20	20	20	20	40	20	100	34

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia teranse en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, que son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán sobre todo probas obxectivas (orais e/ou escritas), tarefas e fichas avaliábeis, que versarán sobre contidos de cada unidade.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o traballo do caderno de clase, o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, o respecto polos compañeiros e a capacidade de seguir instrucións e expresión e comunicación de resultados.

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse as seguintes porcentaxes:

UNIDADE 1: Probas escritas: 70%. Táboas de indicadores 30%

UNIDADE 2: Probas escritas: 70%. Táboas de indicadores 30%

UNIDADE 3: Probas escritas: 70%. Táboas de indicadores 30%

UNIDADE 4: Probas escritas: 70%. Táboas de indicadores 30%

UNIDADE 5: Probas escritas: 70%. Táboas de indicadores 30%

UNIDADE 6: Probas escritas: 70%. Táboas de indicadores 30%

UNIDADE 7: Táboas de indicadores 100%

Para o cálculo da nota de cada avaliación realizarase o seguinte procedemento:

NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= media UDs 1 e 2 (80%) + NOTA UD7 (20%)

NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= media UDs 3 e 4 (80%) + NOTA UD7 (20%)

NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= media UDs 5 e 6 (80%) + NOTA UD7 (20%)

De cara a avaliación final, o peso da nota de cada trimestre será o seguinte:

1o TRIMESTRE: 34%

2o TRIMESTRE: 33 %

3o TRIMESTRE: 33%

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa igual ou maior que cinco.

Cualificacións: O resultado da avaliación expresarase con cualificacións numéricas enteiras nos niveis:

- 0 a 4 puntos: Insuficiente (IN).

- 5 puntos: Suficiente (SU).

- 6 puntos: Ben (BE).

- 7 e 8 puntos: Notable (NT).

- 9 e 10 puntos: Sobresaliente (SB).

Grao mínimo de consecución para superar a materia: O alumnado deberá acadar como mínimo o 50% do 100% na

avaliación final para superar a materia, é dicir, 5 puntos dos 10 totais.

Critérios de recuperación:

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia realizando ben tarefas sobre os contidos traballados, ou ben probas obxectivas.

6. Medidas de atención á diversidade

Partindo da diversidade que amosa o alumnado e de que este non aprende nin da mesma forma nin ao mesmo ritmo, cómpre ter en conta os distintos perfís, ritmos e necesidades de aprendizaxe que existan na aula, observados dentro do grupo ou de forma individualizada, de cara a que as medidas que se adopten reforcen a aprendizaxe de cada alumna e de cada alumno na medida en que esta ou este o precise.

Xunto co departamento de orientación do centro, porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. En xeral, o momento no que se producirá esta detección será durante o proceso de avaliación inicial. Así, tan rápido como se detecten esas necesidades, adoptaranse as medidas educativas máis axeitadas que lle permitan á alumna ou ao alumno continuar de forma óptima o seu proceso educativo.

Entre as medidas que se poderían poñer en marcha estarían:

1. Medidas ordinarias, que faciliten a adecuación do currículo prescritivo sen alteración significativa do mesmo. Teranse en conta, no seu caso, distintas medidas que atendan a:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas, resumos, etc.
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais...
- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.
- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.

2. Medidas extraordinarias, que dean resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poida requirir modificacións significativas dos elementos prescritivos do currículo. A este respecto, e en relación ao que se observe na aula e o que se propoña desde o departamento de orientación, realizaranse as adaptacións curriculares que se precisen.

En relación ao anterior, habería outras medidas na procura dunha mellor atención á diversidade do alumnado que poderán poñerse en marcha en relación aos recursos existentes no centro:

- A atención de profesorado especialista en pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe.
- O aproveitamento dos recursos da contorna dixital do centro, que poden facilitar que cada alumna ou cada alumno realice tarefas graduais e moduladas acordes ás súas capacidades, podendo ampliar coñecementos ou centrarse en aspectos máis puntuais.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	
ET.5 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	
ET.6 - Emprendemento				X	X		
ET.7 - Espírito científico	X		X				
ET.8 - Educación para a saúde e afectivo sexual	X	X	X	X	X	X	
ET.9 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X	
ET.10 - Desenvolvemento sustentable	X	X	X	X	X	X	
ET.11 - Educación para o consumo responsable					X		
ET.12 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	

Observacións:

Segundo o recollido no artigo 17 (elementos transversais) do Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, na posta en práctica desta programación traballarase de xeito transversal: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional.

Ademais dos elementos transversais citados anteriormente, prestarase especial atención á orientación educativa, á acción tutorial e á educación emocional e en valores.

Tamén se incidirá na prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

O alumnado participará en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións	Celebración das conmemoracións establecidas na PXA.	X	X	X
Festividades	Celebración das festividades tradicionais do ciclo anual	X	X	X
Saídas didácticas	Participación nas saídas didácticas organizadas.	X	X	X
Outras actividades	Participación noutro tipo de actividades como obradoiros, charlas...	X	X	X

Observacións:

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

En canto ás actividades complementarias, realizaranse actividades relacionadas coas diferentes conmemoracións establecidas na PXA:

1º TRIMESTRE

Día Universal da infancia (20/11), Día Internacional contra a Violencia de xénero (25/11), Conmemoración da Constitución e Estatuto de Autonomía de Galicia (06/12), Día Internacional da Persoas con Discapacidade (03/12) e Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos(10/12).

2º TRIMESTRE

Día Escolar da non Violencia e da Paz (30/01), Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia (11/02), Día de Rosalía de Castro (23/02), Semana da prensa (2ª semana de marzo) e Día Internacional da Muller (08/03)

3º TRIMESTRE

Día Internacional dos Dereitos do Consumidor (15/03), Día das Artes Galegas (01/04), Día Mundial da Saúde (07/04), Día da Terra (24/04), Semana do Libro (23/04), Día Internacional contra o Acoso Escolar (02/05), Semana da Letras Galegas (17/05) e Día Mundial do Ambiente (05/06)

Ademais, celebraranse festas tradicionais como o Samaín, o Magosto e o Entroido, así como outras actividades que os equipos docentes deseñarán no momento oportuno (lecturas, contacontos, presentacións, saídas...), e que servirán para o desenvolvemento das competencias clave.

Tamén se realizarán actividades relacionadas cos programas nos que participa o centro e programaranse saídas didácticas para realizar nos diferentes trimestres.

En todas as actividades programadas tratarase de fomentar a convivencia, desenvolver actitudes de solidariedade e irmandade entre o alumnado e profesorado, ademais de salientar valores sociais, culturais e morais, imprescindibles para o bo progreso dos individuos como seres sociais.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación da programación ao contexto da aula.
Temporalización da programación axeitada.
Metodoloxía empregada
Metodoloxía adaptada ás características do alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Organización e aproveitamento dos recursos e materiais.
Medidas de atención á diversidade
Implementación de medidas de atención á diversidade.
Clima de traballo na aula
Establecemento dun clima de traballo positivo na aula.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
--

Coordinación co equipo docente e familias.
--

Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente teranse en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada do noso labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. Para o seguimento da actividade lectiva utilizarase o diario de clase, xa que esta ferramenta permite comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedaran reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

O seguimento e avaliación da programación atenderá aos seguintes aspectos:

- Comprobación dunha correcta planificación e temporización das unidades didácticas.
- Seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado. En función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora nos aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019104	CEIP Plurilingüe Nantes	Sanxenxo	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación física	3º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	49
4.2. Materiais e recursos didácticos	50
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	52
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	53
6. Medidas de atención á diversidade	55
7.1. Concreción dos elementos transversais	56
7.2. Actividades complementarias	58
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	59
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	59
9. Outros apartados	60

1. Introducción

O presente documento desenvolve unha programación didáctica para a área de Educación Física en 3º curso de Educación Primaria, realizada en base á Concreción Curricular do centro e tendo en conta o Decreto vixente actual no que se establece o currículo de Educación Primaria.

A área de Educación Física debe fundamentarse na adquisición das capacidades que contribúan ao desenvolvemento persoal e a unha mellor calidade de vida. Ten que dirixirse cara ao coñecemento progresivo da conducta motora e á adquisición de actitudes, valores e normas referentes ao corpo e ao movemento.

É un área que contribuirá ao logro de diversos fins educativos na Etapa de Educación Primaria: socialización, autonomía, aprendizaxes básicas e mellora das posibilidades expresivas, cognitivas, comunicativas e lúdicas.

Pero a Educación Física non é unha simple aprendizaxe de movementos, senón un camiño cara á educación total que utiliza dito movemento como axente pedagóxico con diversas funcións: de coñecemento, de organización perceptiva, anatómico-funcional, estético-comunicativa, de relación persoal coas demais persoas, agonística, hixiénica, hedonista, de compensación e catártica.

Esta área curricular está especialmente indicada para integrar todo tipo de alumnado e resulta idónea de cara á Atención á Diversidade. Debe incidirse na Coeducación e na Igualdade de oportunidades para ambos sexos.

Nesta proposta teranse en conta os diferentes ritmos de maduración, preténdese desenvolver as capacidades e habilidades instrumentais que melloran e aumentan as posibilidades de movemento dos alumnos/as, a través de patróns motores básicos que constitúan unha sólida base para o futuro.

Un dos obxectivos principais debe ser fomentar a adquisición dun estilo de vida activo e saudable que lle permita ao alumnado chegar a consolidar hábitos e, posteriormente, perpetualos ao longo da súa vida. Esos hábitos de vida saudable son a clave para evitar o sedentarismo e a obesidade contribuíndo a ter calidade de vida. Temos que inculcar ao noso alumnado que a actividade física ten que estar no presente e no futuro do seu día a día.

Para abordar con posibilidades de éxito as numerosas situacións motrices ás que se verá exposto o alumnado ao longo da súa vida, será preciso desenvolver de maneira integral capacidades de carácter cognitivo e motor, pero tamén afectivo - motivacional, de relacións interpersoais e de inserción social. Deste xeito, o alumnado terá que aprender a xestionar as súas emocións e as súas habilidades sociais en contextos de práctica motriz.

O alumnado tamén deberá recoñecer diferentes manifestacións da cultura motriz, como parte relevante do patrimonio cultural, expresivo e artístico, que poden converterse en obxecto de gozo e aprendizaxe. Para iso, será preciso desenvolver a súa identidade persoal e social integrando nela as manifestacións máis comúns da cultura motriz, a través dunha práctica vivenciada e creativa.

O desenvolvemento de actitudes comprometidas co medio ambiente e a súa materialización en comportamentos baseados na conservación e na sustentabilidade asociaranse cunha competencia fundamental para a vida en sociedade que debe comezar a adoptarse nesta etapa.

* CARACTERÍSTICAS PSICOEVOLUTIVAS ALUMNADO DE 2º CICLO (8 a 10 anos).

- Ámbito cognitivo: atópase en plena etapa do período das operacións concretas, o que supón que razoan lóxicamente, xa non emiten xuízos intuitivos propios do período anterior. Agora ben, o seu razoamento está vencellado á manipulación dos obxectos aos que éste se refire.

- Ámbito motor: teñen cada vez máis relacións co mundo que os rodea. Neste período, mostran unha maior forza e unha gran progresión na coordinación motora.

- Ámbito afectivo-social: nesta idade, ábrese a persoas e costumes diferentes ás súas, na que actúan de modo cada vez máis autónomo, poñéndose eles mesmos os seus fins e organizando as súas accións por sí solos en función dos seus proxectos e obxectivos. Nesta etapa advírtese unha segregación entre sexos, producíndose unha clara

diverxencia entre os xogos dos nenos e das nenas. Neste período, o grupo organízase para converterse no verdadeiro centro da vida escolar.

*** CONTEXTUALIZACIÓN.**

- Centro: CEIP Plurilingüe Nantes
- Unidades: 8 (2 en EI e 6 en EP)
- Curso: 3º
- Instalacións: ximnasio, polideportivo, patio exterior, zona verde no exterior
- Xornada escolar: continua (09:30 a 14:30)

O C.E.I.P. Plurilingüe Nantes pertence á parroquia de Nantes, situada no concello de Sanxenxo (Pontevedra). Os alumnos/as que acuden a este centro ademais de residir en Nantes tamén o fan noutras zonas próximas como son A Vichona, O Vinquiño, Dadín, O Santo, etc. Para estes efectos está en funcionamento o transporte escolar (2 autobuses fan o percorrido diario por 3 zonas: Nantes e A Vichona), vixiado polos mestres e mestras correspondentes tanto á hora de entrada como de saída.

Está situado nunha zona moi natural e ao seu carón atópase o Centro Cultural de Sanxenxo, que conta con entidades asociativas, culturais e deportivas.

Tanto o nivel socioeconómico como o nivel cultural poden situarse nun termo medio, tendendo a ser baixo nalgúns casos.

O C.E.I.P. Plurilingüe Nantes é de titularidade pública e conta con 8 unidades, 2 de Educación Infantil e 6 de Educación Primaria.

Hai constituída unha A.N.P.A. que colabora co centro e oferta ao alumnado actividades extraescolares: físico-deportivas, artísticas, formativas e lúdico-creativas.

O centro posúe un catálogo de postos de traballo de 14 mestres/as, 1 deles itinerante (Orientadora). A área de Educación Artística- Plástica impártese en Inglés, dentro da sección plurilingüe que temos concedida.

En canto ás aulas, ademais das ordinarias, dispoñemos de aula de Usos múltiples (utilizada tamén como aula de psicomotricidade), pabillón, aula de Informática, aula de Robótica, Biblioteca, zona de Radio Escolar, aula de Inglés, aula de Música, despacho de Orientación, aula de P.T./ A.L., ademais de despachos para cada membro do Equipo Directivo. Desde o curso pasado, contamos con servizo de comedor e está pendente rematar a construción do pavillón, que será de uso escolar e municipal.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, practicando regularmente actividades físicas e deportivas e adoptando comportamentos que potencien a saúde física, mental e social, así como medidas de responsabilidade individual e colectiva durante a práctica motriz para interiorizar e integrar hábitos de actividade física sistemática que contribúan ao benestar.			2-5		2-5		3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Adaptar os elementos propios do esquema corporal, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e as destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións, para dar resposta ás demandas de proxectos motores e de prácticas motrices con distintas finalidades en contextos da vida diaria.			1	3	4-5			
OBX3 - Desenvolver procesos de autorregulación e interacción no marco da práctica motriz, con actitude empática e inclusiva, facendo uso de habilidades sociais e actitudes de cooperación, respecto, traballo en equipo e deportividade, con independencia das diferenzas etnoculturais, sociais, de xénero e de habilidade dos participantes, para contribuír á convivencia social e ao compromiso ético nos diferentes espazos en que se participa.	1-5				1-3-5	2-3		
OBX4 - Recoñecer e practicar diferentes manifestacións lúdicas, físico-deportivas e artístico-expresivas propias da cultura motriz, valorando a súa influencia e as súas achegas estéticas e creativas á cultura tradicional e contemporánea, para integralas nas situacións motrices que se utilizan regularmente na vida cotiá.		3				3		1-2-3-4
OBX5 - Valorar diferentes medios naturais e urbanos como contextos de práctica motriz, interactuando con eles, comprendendo a importancia da súa conservación desde un enfoque sustentable e adoptando medidas de responsabilidade individual durante a práctica de xogos, de actividades físico-deportivas e de ocio, para realizar unha práctica eficiente e respectuosa coa contorna e participar no seu coidado e mellora.			5			2-4	1-3	

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O reencontro.	Unidade Didáctica de xogos de presentación.	6	3	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Poñendo a maquinaria a punto.	Unidade Didáctica de saúde.	7	5	X		
3	Coordinados, listos, xa!	Nesta Unidade Didáctica traballaremos todos os tipos de coordinación, así como lanzamentos e recepcións.	7	4	X		
4	A unión fai a forza.	Xogos cooperativos.	6	5	X		
5	Entrenando para as olimpiadas.	Traballaremos a forza e a resistencia.	7	5	X		
6	Xa somos campións olímpicos!	Traballaremos a velocidade e a flexibilidade.	7	5		X	
7	Camiñando pola corda frouxa.	Unidade Didáctica de equilibrio.	7	5		X	
8	De maior quero facer Parkour.	Traballarase a iniciación ao Parkour.	6	5		X	
9	A vida é un circo.	Traballaremos os malabares.	6	5		X	
10	Bailando baixo a choiva.	Danzas tradicionais de distintas partes do mundo.	7	5		X	
11	Benvidos a Hollywood.	Traballaremos a expresión corporal a través de dramatizacións, representacións e mimo.	7	5			X
12	Así se xogaba antes.	Xogos e deportes tradicionais galegos.	7	5			X
13	Xogando a cousas novas.	Centrarémonos nos deportes alternativos.	7	4			X
14	Non estamos perdidos, imos por un atallo.	Unidade Didáctica de orientación espacial.	7	5			X
15	A NBA xógase na rúa.	Iniciación ao Streetball.	6	4			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O reencontro.	3

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñecer os beneficios da actividade física para a saúde en xeral.	TI	100
CA1.2 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Aplicar distintas medidas posturais e hixiénicas que xeren hábitos e rutinas saudables.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as características individuais, superando e rexeitando as condutas discriminatorias que se poidan producir en contextos de práctica motriz.	Recoñecer o noso corpo e o dos demais, respectando as diferencias inidividuais.		
CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostrar boa disposición para o exercicio, controlando as emocións.		
CA1.5 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Desenvolver habilidades sociais para a resolución de conflitos que xurdan durante a práctica motriz.		
CA2.1 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Aplicar distintas medidas posturais e hixiénicas que xeren hábitos e rutinas saudables.		
CA4.1 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostrar boa disposición para o exercicio, controlando as emocións.		
CA4.2 - Respectar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.	Respectar as normas e regras de todos os xogos, actuando con deportividade.		
CA4.3 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Desenvolver habilidades sociais para a resolución de conflitos que xurdan durante a práctica motriz.		
CA6.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñecer os beneficios da actividade física para a saúde en xeral.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Efectos físicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Características dos alimentos naturais, procesados e ultraprocesados. - Hidratación na práctica da actividade física.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, tendo unha perspectiva de xénero. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Procesos: interacción oral - Interacción oral adecuada en situacións de aula, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando frases cunha secuencia lineal sinxela e coherente, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación. - Estratexias de expresión e escoita empática de necesidades, vivencias e emocións propias e alleas para a resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero. - Procesos: comprensión oral - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que incidan no significado da mensaxe que se quere transmitir. - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel, que estimulen o interese e os gustos. - Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe (escoitar e preguntar) e para a identificación e interpretación do sentido global de textos orais e multimodais sinxelos. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo. - Xéneros discursivos - Estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos de diversa tipoloxía. - Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Elementos básicos de contido (tema, léxico) e forma (estrutura, título, imaxes). - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo. - Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos.

Contidos

- Procesos: comprensión lectora.
- Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.
- Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, para mellorar a comprensión dos textos.
- Valoración da lectura como medio para ampliar o vocabulario progresando na consolidación dunha ortografía correcta.
- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Procesos: produción escrita
- Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación o modelo discursivo que corresponda.
- Elementos constitutivos esenciais da obra literaria (tema, protagonista, personaxes secundarios).
- Análise guiada dos recursos expresivos elementais e os seus efectos na recepción do texto.
- Relación entre os textos lidos e outras manifestacións artísticas e culturais.
- Recoñecemento, de xeito acompañado, de recursos literarios básicos.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Estratexias para a elaboración guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Transformación de enunciados (substitución, cambio de orde, manipulación).
- Establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais (xénero e número), prestando especial atención ás relacións que se establecen entre substantivos, adxectivos e verbos.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás repeticións e sinónimos, á orde de oracións e parágrafos e aos diferentes conectores gramaticais e textuais explicativos.
- Estratexias e técnicas elementais de recoñecemento da intención comunicativa e do uso guiado de dicionarios, en distintos soportes.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras (substantivo, verbo, adxectivo, pronomes, artigos). Características e uso de cada clase de palabra.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario. Semellanzas e diferenzas de forma e significado entre palabras da mesma familia léxica ou semántica.

UD	Título da UD	Duración
6	¿Queremos un mundo máis justo? ¿Qué queres ser de maior?	19

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido.	Comprender diferentes textos orais, recoñecendo ideas principais, contestando basicamente preguntas e progresando na valoración dos mesmos.	PE	60
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Elaborar progresivamente un pensamento crítico e razoado.		
CA5.6 - escoitar e ler textos variados da literatura infantil universal, que recollan diversidade de autores e autoras, recoñecendo elementos básicos dos distintos xéneros literarios e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas de maneira acompañada.	Escoitar diferentes textos, recoñecendo elementos esenciais.		
CA5.8 - Recoñecer recursos básicos da linguaxe literaria.	Recoñecer recursos básicos da linguaxe literaria.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social.		
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso de normas ortográficas sinxelas e adecuadas ao seu nivel, progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Producir textos escritos sinxelos e coherentes, atendendo ás normas gramaticais e ortográficas traballadas.		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso acompañada de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Aplicar os coñecementos adquiridos en relación ao funcionamento da lingua: xénero, número, categoría gramatical, relación de significado das palabras, organización de palabras...		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía.		
CA6.6 - Progresar na adquisición de vocabulario a través dos textos.	Progresar na adquisición de vocabulario a través dos textos.	TI	40
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Respectar as diferentes linguas e usar un vocabulario adecuado, interesándose por expresarse na que corresponda en cada momento.		
CA2.3 - Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais diversos, valorando a información máis relevante.	Comprender diferentes textos orais, recoñecendo ideas principais, contestando basicamente preguntas e progresando na valoración dos mesmos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias elementais de escoita activa e respectando as normas básicas da cortesía lingüística.	Participar en interaccións orais respectando as normas básicas da cortesía lingüística.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira acompañada, a información explícita.	Ler diferentes textos en voz baixa e alta identificando sentido global e información relevante.		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido e estrutura, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.	Analizar o contido e aspectos formais elementais dos textos escritos.		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación de mellora e o gusto pola lectura.	Adquirir eficacia lectora a través da práctica.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.		
CA6.4 - Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios fíísicos ou dixitais.	Revisar textos propios e alleos como mecanismo de mellora.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, tendo unha perspectiva de xénero. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo e exposición. - Procesos: interacción oral - Interacción oral adecuada en situacións de aula, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando frases cunha secuencia lineal sinxela e coherente, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación. - Estratexias de expresión e escoita empática de necesidades, vivencias e emocións propias e alleas para a resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero. - Procesos: comprensión oral - Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís).

Contidos

- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que incidan no significado da mensaxe que se quere transmitir.
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel, que estimulen o interese e os gustos.
- Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe (escoitar e preguntar) e para a identificación e interpretación do sentido global de textos orais e multimodais sinxelos.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Procesos: comprensión lectora.
- Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.
- Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, para mellorar a comprensión dos textos.
- Valoración da lectura como medio para ampliar o vocabulario progresando na consolidación dunha ortografía correcta.
- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Procesos: produción escrita
- Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación o modelo discursivo que corresponda.
- Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Elementos constitutivos esenciais da obra literaria (tema, protagonista, personaxes secundarios).
- Análise guiada dos recursos expresivos elementais e os seus efectos na recepción do texto.
- Relación entre os textos lidos e outras manifestacións artísticas e culturais.
- Recoñecemento, de xeito acompañado, de recursos literarios básicos.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Estratexias para a elaboración guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Transformación de enunciados (substitución, cambio de orde, manipulación).
- Establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais (xénero e número), prestando especial atención ás relacións que se establecen entre substantivos, adxectivos e verbos.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás repeticións e sinónimos, á orde de oracións e parágrafos e aos diferentes conectores gramaticais e textuais explicativos.
- Estratexias e técnicas elementais de recoñecemento da intención comunicativa e do uso guiado de dicionarios, en distintos soportes.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras (substantivo, verbo, adxectivo, pronomes, artigos). Características e uso de cada clase de palabra.

Contidos
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario. Semellanzas e diferenzas de forma e significado entre palabras da mesma familia léxica ou semántica.

UD	Título da UD	Duración
7	Comprendemos y expresamos	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.	Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.				
CA2.4 - Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.	Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa.				
CA2.6 - Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.	Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.				
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra desde unha reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios, utilizando unha linguaxe respectuosa nas comunicacións.				
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.	Utilizar estratexias básicas de comunicación asertiva e resolución de conflitos de maneira dialogada.				
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, seleccionado o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e iniciarse, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Producir textos escritos sinxelos e coherentes, seguindo as pautas indicadas, utilizando estratexias de planificación, revisión, coidando a presentación, de maneira individual ou en equipo.			TI	100
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, individuais ou colectivos, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global do texto.	Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes con diferentes intencións comunicativas en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais.				
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as súas normas básicas de organización e funcionamento e participando nas actividades organizadas e interesarse por formar unha pequena biblioteca de aula.	Utilizar e respectar as normas de funcionamento das bibliotecas de aula e de centro.				

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios, utilizando unha linguaxe respectuosa nas comunicacións.		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Localizar e seleccionar información na realización de tarefas de aula, adaptando de maneira creativa modelos dados.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais.	Compartir os resultados das elaboracións individuais ou grupais utilizando unha linguaxe adecuada.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e de centro para localizar libros axeitados ao seu gusto persoal e intereses.	Utilizar e respectar as normas de funcionamento das bibliotecas de aula e de centro.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información.	Utilizar os recursos e os medios tecnolóxicos de forma segura e responsable.		
CA4.5 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras axustados aos seus gustos e intereses avanzados na construción da súa identidade lectora.	Ler textos de diferentes autores e autoras de maneira autónoma.		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura, participando, de forma acompañada ou autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Realizar valoracións ou actividades persoais das lecturas realizadas, compartindo as propias experiencias.		
CA5.1 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras, axustados aos seus gustos e intereses avanzando na construción da súa identidade lectora.	Ler textos de diferentes autores e autoras de maneira autónoma.		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, mediante a realización de actividades literarias e participando en comunidades lectoras do ámbito escolar.	Realizar valoracións ou actividades persoais das lecturas realizadas, compartindo as propias experiencias.		
CA5.3 - Valorar os textos literarios e a literatura en xeral como fonte de lecer e información.	Realizar valoracións ou actividades persoais das lecturas realizadas, compartindo as propias experiencias.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.	Utilizar e respectar as normas de funcionamento das bibliotecas de aula e de centro.		
CA5.5 - Reproducir a partir de modelos dados textos literarios sinxelos, en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos e poemas.	Reproducir a partir de modelos dados sinxelos textos literarios.		
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados.	Producir textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral. - Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución oral de textos. - Procesos: interacción oral - Estratexias de interpretación de elementos básicos da comunicación non verbal. - Procesos: comprensión oral - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que incidan no significado da mensaxe que se quere transmitir. - Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Procesos: produción oral. - Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía. Pronuncia e entoación adecuadas. - Construción, valoración e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais sinxelos. - Creación de textos orais utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Procesos: comprensión lectora. - Elementos gráficos, textuais e paratextuais sinxelos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora. - Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer. - Uso da biblioteca respectando as súas normas de organización e funcionamento e valorando a participación nas actividades organizadas. Continuidade na creación dunha biblioteca propia e persoal. - Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónico. - Procesos: produción escrita - Aplicación das normas ortográficas básicas adecuadas ao seu desenvolvemento cognitivo e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación... - Creación de textos utilizando a linguaxe con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics. - Modelos e estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión de textos escritos sinxelos, en diferentes soportes (incluíndo os dixitais), con distintos propósitos comunicativos. - Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación o modelo discursivo que corresponda. - Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita e a elaboración de textos. - Uso de elementos gráficos e paratextuais básicos que faciliten a organización e comprensión do texto. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

Contidos

- Estratexias básicas na procura guiada da localización, selección e contraste de información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Estratexias e técnicas para comparar e clasificar a información.
- Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.
- Modelos explícitos para reelaborar a información.
- Comunicación creativa do coñecemento, con respecto pola propiedade intelectual.
- Utilización da biblioteca e os recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Construción da identidade lectora a través da lectura de textos adecuados aos seus intereses, procedentes de diversas fontes da información.
- Colaboración en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias lectoras compartidas.
- Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores.
- Construción da identidade lectora. Estratexias para a expresión de gustos e intereses.
- Estratexias básicas para a interpretación acompañada e compartida de obras, a través de conversacións literarias, participando activamente nas comunidades lectoras escolares.
- Valoración dos textos literarios da literatura en xeral como vehículo de comunicación e recurso de lecer persoal.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas valorando o ritmo e a entoación.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas valorando o ritmo e a entoación.
- Elaboración de textos con intención literaria, a partir de modelos dados ou recreando textos literarios.
- Creación de textos literarios sinxelos, en prosa ou en verso: contos, poemas, adiviñas, cancións e teatro.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As liñas metodolóxicas desta programación didáctica, sempre adaptadas ao nivel educativo no que se atopa o alumnado, fomentando procesos pedagóxicos accesibles para todas e todos mediante un currículo flexible que se axusta a distintas necesidades e a diferentes ritmos de aprendizaxe, serán as seguintes:

- A globalización: pretendendo estimular o desenvolvemento de todas as capacidades, tanto físicas como afectivas, intelectuais e sociais, xa que calquera actividade realizada polas nenas e polos nenos pon en xogo mecanismos afectivos, psicomotores, comunicativos, cognitivos, de imaxinación, de creatividade e de atención.
 - A aprendizaxe significativa: referíndose á posibilidade de establecer vínculos entre o que o alumnado ten que aprender e o que xa realiza xa que todo novo coñecemento ten de partir das súas experiencias previas.
 - O ensino individualizado: axustándose ás características e peculiaridades individuais de cada alumna e de cada alumno; a atención individualizada considera as características e as diferencias persoais e proporciona unha atención personalizada favorecendo o principio de igualdade e equidade.
 - A socialización e a comunicación: creando situacións de aprendizaxe nas que alumnas e alumnos atopen

momentos para agruparse, compartir e sentir o apoio do resto, o que lles axudará a socializar e comunicarse; o xogo así como as actividades propostas nos recunchos, obradoiros e o resto de actividades complementarias que se programen favorecerán o desenvolvemento da atención, a memoria, a linguaxe, a imaxinación e a personalidade e axudarán a coñecer o comportamento das persoas adultas e as normas sociais.

- A autonomía e a autoxestión.
- A aprendizaxe cooperativa: favorecendo os encontros co grupo e co resto de membros da comunidade educativa e dos grupos sociais da súa contorna na procura dunha convivencia positiva, a paz e a inclusión.
- A manipulación: considerando o traballo coas mans determinante para o correcto paso do abstracto ao concreto; favorecerase, en todo caso, que o material cumpra os requisitos de accesible.
- A coeducación: considerando o deseño de actividades desde unha perspectiva de xénero de cara á ruptura de estereotipos.
- A metodoloxía activa: entendéndoa como un conxunto de estratexias didácticas que permitan e estimulen ao alumnado a participar realmente como suxeito da súa propia aprendizaxe.

O alumnado debe progresar na utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade. Necesitamos dotar ao alumnado de ferramentas para que poidan desenvolverse en múltiples contextos dominando a lingua oral e escrita de forma funcional, traballar na adquisición de habilidades imprescindibles para o desenvolvemento da capacidade de comprensión dos alumnos e alumnas, sempre a través de apoios graduais e partindo da realidade máis inmediata do alumnado.

Todo o traballo se encamiña a proporcionarlle recursos de comunicación:

- A lectoescritura: integramos o proceso de adquisición desta destreza a través do coñecemento previo dos sons, os cales se estudan en relación cun contexto de aprendizaxe motivador e se abordan dunha maneira progresiva.
- A expresión oral: mediante a participación na clase favorécese a ampliación e utilización do vocabulario, a expresión de experiencias persoais, a formulación de conxecturas e hipóteses, etc. Mediante o xogo e a simulación os alumnos e alumnas descubren as posibles actitudes comunicativas.
- A comprensión lectora: o alumnado chegará a distinguir os elementos estruturais das narracións e as ideas esenciais das exposicións e a discriminar os constituíntes dos distintos tipos de lectura.
- A expresión escrita: desenvolvemos a tipoloxía textual, co fin de que o alumno/a sexa capaz de producir composicións individuais de distinta índole; ademáis aprenderá a facer esquemas e resumos, que lle axudarán a extraer as ideas principais dun texto.

En canto ao fomento da lectura, seguiranse as directrices do Plan Lector, que estipula un horario diario de actividades de lectura de 25 minutos. O obxectivo é promover o gusto pola lectura e fomentar o hábito lector entre familias e alumnado. A competencia lectora do alumnado precisa que os ponzamos en contacto con toda a diversidade de textos ao longo da súa escolaridade e que lles ofrezamos os recursos para que poidan interpretalos satisfactoriamente.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos materiais
Recursos tecnolóxicos
Recursos dixitais
Recursos espaciais

RECURSOS MATERIAIS: Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta, material manipulativo...

RECURSOS TECNOLÓXICOS: ordenadores, robots educativos, pizarras dixitais, proxectores, tablets...

RECURSOS DIXITAIS: aula virtual, enciclopedias e dicionarios online, vídeos educativos, libros dixitais, fichas dixitais interactivas (Liveworksheets), Kahoot ou plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo..., así como os diversos espazos da contorna.

É preciso puntualizar que o emprego de material non é un fin en si mesmo e non garante a consecución dos obxectivos, esixe dunha planificación e secuenciación por parte da docencia.

O emprego do material require dunhas pautas para o seu uso e conservación, deberán ser asumidas e respectadas por todo o alumnado e o seu cumprimento será responsabilidade individual de cada persoa, se ben o reparto e recollida do mesmo estará incluído dentro dos roles dos equipos de traballo.

A distribución e colocación do material na aula favorecerá a accesibilidade para todo o alumnado, de tal xeito que lle resulte sinxelo collelo cando sexa necesario.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, dos plans de reforzo.

- Recollida de información nas entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, ...

- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades de expresión oral e escrita, comprensión oral e escrita, busca de información guiada...

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

Os aspectos sobre os que versarán as avaliacións das competencias serán os seguintes:

- Lectura en voz alta (para coñecer o grado de entoación, velocidade e ritmo na lectura).
- Comprensión lectora.
- Ditado (para comprobar os coñecementos sobre a grafía, as faltas ortográficas, a orde, os signos de puntuación e a unión e separación de palabras).
- Redacción (para observar a súa forma de expresarse).
- Copia (para coñecer o seu grao de atención).
- Aspectos gramaticais.

Os resultados da avaliación inicial daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que participará a totalidade do equipo docente. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do departamento de orientación, decidiranse as medidas de atención á diversidade máis pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	12	12	12	12	16	16	20	100
Proba escrita	60	60	60	60	60	60	0	48
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40	40	100	52

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, que son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán sobre todo probas obxectivas (orais e/ou escritas), tarefas ou fichas avaliáveis, que versarán

sobre contidos de cada unidade.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o traballo diario e o caderno de clase, o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, o respecto polos compañeiros e a capacidade de seguir instrucións e expresión e comunicación de resultados.

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse as seguintes porcentaxes:

UNIDADE 1: Probas escritas: 60%. Táboas de indicadores 40%

UNIDADE 2: Probas escritas: 60%. Táboas de indicadores 40%

UNIDADE 3: Probas escritas: 60%. Táboas de indicadores 40%

UNIDADE 4: Probas escritas: 60%. Táboas de indicadores 40%

UNIDADE 5: Probas escritas: 60%. Táboas de indicadores 40%

UNIDADE 6: Probas escritas: 60%. Táboas de indicadores 40%

UNIDADE 7: Táboas de indicadores 100%

Para o cálculo da nota de cada avaliación realizarase o seguinte procedemento:

NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= media UDs 1 e 2 (80%) + NOTA UD7 (20%)

NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= media UDs 3 e 4 (80%) + NOTA UD7 (20%)

NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= media UDs 5 e 6 (80%) + NOTA UD7 (20%)

Cualificacións: O resultado da avaliación expresarase con cualificacións numéricas enteiras nos niveis:

- 0 a 4 puntos : I n s u f i c i e n t e (IN).

- 5 puntos: Suficiente

(SU).

- 6 puntos: Ben (BE).

7 puntos: Notable (NT).

- 9 e 10 puntos: Sobresaliente (SB)

De cara a avaliación final, o peso da nota de cada trimestre será o seguinte:

1o TRIMESTRE: 30%

2o TRIMESTRE: 30%

3o TRIMESTRE: 40%

Grao mínimo de consecución para superar a materia: O alumnado deberá acadar como mínimo o 50% do 100% total para superar cada materia, é dicir, 5 puntos dos 10 totais.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia realizando ben tarefas sobre os contidos traballados, ou ben probas obxectivas.

6. Medidas de atención á diversidade

Partindo da diversidade que amosa o alumnado e de que este non aprende nin da mesma forma nin ao mesmo ritmo, cómpre ter en conta os distintos perfís, ritmos e necesidades de aprendizaxe que existan na aula, observados dentro do grupo ou de forma individualizada, de cara a que as medidas que se adopten reforcen a aprendizaxe de cada alumna e de cada alumno na medida en que esta ou este o precise.

Xunto co departamento de orientación do centro, porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. En xeral, o momento no que se producirá esta detección será durante o proceso de avaliación inicial. Así, tan rápido como se detecten esas necesidades, adoptaranse as medidas educativas máis axeitadas que lle permitan á alumna ou ao alumno continuar de forma óptima o seu proceso educativo.

Entre as medidas que se poderían poñer en marcha estarían:

1. Medidas ordinarias, que faciliten a adecuación do currículo prescrito sen alteración significativa do mesmo. Teranse en conta, no seu caso, distintas medidas que atendan a:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas, resumos, etc.

- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como

poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais...

- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.

- Deseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.

2. Medidas extraordinarias, que dean resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poida requirir modificacións significativas dos elementos prescritivos do currículo. A este respecto, e en relación ao que se observe na aula e o que se propoña desde o departamento de orientación, realizaranse as adaptacións curriculares que se precisen.

En relación ao anterior, habería outras medidas na procura dunha mellor atención á diversidade do alumnado que poderán poñerse en marcha en relación aos recursos existentes no centro:

- A atención de profesorado especialista en pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe.
- O aproveitamento dos recursos da contorna dixital do centro, que poden facilitar que cada alumna ou cada alumno realice tarefas graduais e moduladas acordes ás súas capacidades, podendo ampliar coñecementos ou centrarse en aspectos máis puntuais.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - A comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - O fomento do emprendemento	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - O espírito científico	X	X					
ET.8 - A educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A educación afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - A igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - A educación para a sostibilidade		X		X	X	X	
ET.12 - A educación para o consumo responsable		X		X		X	

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.13 - Os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Segundo o recollido no artigo 17 (elementos transversais) do Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, na posta en práctica desta programación traballarase de xeito transversal: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional.

Ademais dos elementos transversais citados anteriormente, prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.

Tamén se incidirá na prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

O alumnado participará en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións	Celebración das conmemoracións establecidas na PXA.	X	X	X
Festividades	Celebración das festividades tradicionais do ciclo anual	X	X	X
Saídas didácticas	Participación nas saídas didácticas organizadas.	X	X	X
Outras actividades	Participación noutro tipo de actividades como obradoiros, charlas...	X	X	X

Observacións:

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

En canto ás actividades complementarias, realizaranse actividades relacionadas coas diferentes conmemoracións establecidas na PXA:

1º TRIMESTRE

Día Universal da infancia (20/11), Día Internacional contra a Violencia de xénero (25/11), Conmemoración da Constitución e Estatuto de Autonomía de Galicia (06/12), Día Internacional da Persoas con Discapacidade (03/12) e Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos(10/12).

2º TRIMESTRE

Día Escolar da non Violencia e da Paz (30/01), Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia (11/02), Día de Rosalía de Castro (23/02), Semana da prensa (2ª semana de marzo) e Día Internacional da Muller (08/03)

3º TRIMESTRE

Día Internacional dos Dereitos do Consumidor (15/03), Día das Artes Galegas (01/04), Día Mundial da Saúde (07/04), Día da Terra (24/04), Semana do Libro (23/04), Día Internacional contra o Acoso Escolar (02/05), Semana da Letras Galegas (17/05) e Día Mundial do Ambiente (05/06)

Ademais, celebraranse festas tradicionais como o Samaín, o Magosto e o Entroido, así como outras actividades que os equipos docentes deseñarán no momento oportuno (lecturas, contacontos, presentacións, saídas...), e que servirán para o desenvolvemento das competencias clave.

Tamén se realizarán actividades relacionadas cos programas nos que participa o centro e programaranse saídas didácticas para realizar nos diferentes trimestres.

En todas as actividades programadas tratarase de fomentar a convivencia, desenvolver actitudes de solidariedade e irmandade entre o alumnado e profesorado, ademais de salientar valores sociais, culturais e morais, imprescindibles para o bo progreso dos individuos como seres sociais.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación da programación ao contexto da aula.
Temporalización da programación axeitada.
Metodoloxía empregada
Metodoloxía adaptada ás características do alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Organización e aproveitamento dos recursos e materiais.
Medidas de atención á diversidade
Implementación de medidas de atención á diversidade.
Clima de traballo na aula
Establecemento dun clima de traballo positivo na aula.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
--

Coordinación co equipo docente e familias.
--

Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada do noso labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo aos seguintes aspectos:

- Comprobación dunha correcta planificación e temporización das unidades didácticas.
- Realización dun seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019104	CEIP Plurilingüe Nantes	Sanxenxo	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua Estranxeira - Inglés	3º Pri.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	17
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	19
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	19
6. Medidas de atención á diversidade	20
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	22

1. Introducción

As vantaxes e oportunidades que nos ofrece a presente Lei de Educación (LOMLOE), as esixencias e necesidades cada vez máis pluriculturales da nosa sociedade, xunto coas directrices establecidas polo Consello de Europa no Marco común europeo de referencia para as linguas, son tres claves significativas que quedan reflectidas nesta programación.

A finalidade desta programación é, en primeiro lugar, conseguir que o alumnado adquira todas as competencias establecidas no Perfil de Saída ao termo do seu ensino básico, centrándonos nas competencias en comunicación lingüística e plurilingüe; facendo especial fincapé na competencia persoal, social e de aprender a aprender, competencia dixital e na competencia emprendedora. Traballaránse intensamente ao longo de todo o proceso a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as TIC; pero tamén terán cabida na aprendizaxe da lingua estranxeira o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade. Por outra banda, incorporárase de forma transversal a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto e a cooperación.

Tal como se reflicte na introdución do Decreto polo que se establece o currículo de LE para a Educación Primaria, no primeiro nivel pártese dun estadio aínda moi elemental da lingua estranxeira, polo que, será imprescindible basear a aprendizaxe nos repertorios e experiencias do alumnado, facilitando así a súa participación en actos de comunicación sinxelos: práctica de actividades e estratexias comunicativas de comprensión, produción, interacción e mediación lingüística.

O Centro Educativo onde se desenvolve a presente programación é o C.E.I.P. Plurilingüe Nantes, o cal conta con 8 unidades sendo dúas de Educación Infantil e seis de Educación Primaria. Está situado nunha zona rural da parroquia de Nantes, pertencente ao Concello de Sanxenxo, cun nivel cultural e socioeconómico medio, medio-baixo. Está rodeado por eucaliptos e conta cun amplo patio con zona verde e un campo de xogos de cemento. No interior do colexio, ademais das aulas ordinarias, dispoñemos de aula de usos múltiples (utilizada tamén como Ximnasio), aula de Informática, Biblioteca, despacho de Orientación, aula de P.T. e aula de A.L., así como despachos para cada un dos membros do Equipo Directivo. A aula de educación musical foi cedida para poder ampliar a biblioteca e este ano contamos con aula de lingua estranxeira: inglés.

En canto ao alumnado de 3º de Educación Primaria, está composto por un total de 15 estudantes que contan aproximadamente con oito anos de idade polo que a práctica educativa enfocarase á súa participación en actos de comunicación oral e escrita sinxelos como actividades comunicativas de comprensión, produción e interacción lingüística. O docente preparará e organizará o traballo, axudando no desenvolvemento do mesmo; coordinará accións; impulsando actitudes positivas cara ao idioma e a cultura inglesa, captando e desenvolvendo o interese do alumno cara ao novo e a creatividade, intervindo de forma activa e reflexiva, e tratando os erros como signos de progreso. Pola súa banda, o alumnado debe participar de forma activa no seu proceso de aprendizaxe.

Ao longo do curso escolar, contaremos coa presenza dunha auxiliar de conversa. Este recurso permitirá ao alumnado achegarse á realidade inmediata do idioma e a cultura estranxeira ao tempo que se traballan os bloques de contidos relativos a esta materia de forma intradisciplinar: Bloque 1: Comunicación; Bloque 2: Plurilingüismo; Bloque 3: Interculturalidade.

O desenvolvemento dos contidos abordarase ao longo das seis unidades didácticas que conforman esta programación, quedando distribuídas dúas unidades en cada trimestre.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.	1	1-2	1	2	5		1	4
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3	1-3	
OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-4-5		3	
OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.	5	3			1-3	2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	I like animals	Expresar diferentes accións usando o present simple relacionándoas con vocabulario de animais salvaxes. Ademais, repasaremos algún adxectivos relativos á personalidade.	16	18	X		
2	My school day	Empregar vocabulario e expresións relativas ás materias da escola relacionándoas coas horas do reloxo. Tamén se abordarán os medios de transporte empregados para chegar á escola.	16	18	X		
3	I like cooking	Usar vocabulario relacionado coa comida expresando likes e dislikes e empregando o verbo have got acompañado de some e any.	17	17	X	X	
4	I love the weekend	Expresar habilidades empregando can e can't asociadas a vocabulario propio de actividades de tempo libre. Tamén se usará o verbo to do.	17	17		X	
5	My school play	Empregar vocabulario asociado a características físicas de aparencia e vestimenta para describir personaxes. Tamén se abordará o present continuous para describir determinadas accións.	17	18			X
6	I'm on a bike ride	Usar vocabulario relacionado cos lugares de interese e os edificios principais do pobo/cidade para expresar a existencia ou non existencia dos mesmos a través de there is/there are. Tamén se traballarán algunhas preposicións para indicar a posición de ditos establecementos.	17	17			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	I like animals	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer frases específicas sobre as características dos animais traballados	PE	45
CA1.4 - Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais, sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado.	Escribir textos moi sinxelos a partir de modelos		
CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias axeitadas en situacións comunicativas cotiáns e de relevancia para o alumnado, para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos breves e sinxelos sobre temas familiares.	Expresar oralmente información sobre os animais	TI	55
CA1.5 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Expresar oralmente frases curtas coa entoación e o ritmo axeitados		
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.	Expresar mensaxes cotiáns ao chegar e despedirse: good morning, see you tomorrow, can I go to the toilet...		
CA1.8 - Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas interlocutoras e interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Mostrar interese e empatía polos compañeiros nas interaccións		
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando, de forma guiada, sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Levar a cabo o que expresa o CA2.1 mesmo que sexa contando con axuda.		
CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e amosando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actuar con respecto en situacións interculturais, amosando rexeitamento fronte a discriminacións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.

Contidos

- Técnicas de aprendizaxe.
- Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.
- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; expresar rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións elementais; expresar o tempo, a cantidade e o espazo.
- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse.
- Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornas de interese.
- Léxico elemental relativo a lugares e contornas de interese.
- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.
- Patróns culturais elementais transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira.
- Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

UD	Título da UD	Duración
2	My school day	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiás, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer frases específicas sobre temas cotiás	PE	45
CA1.4 - Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais, sobre asuntos cotiás e de relevancia persoal para o alumnado.	Escribir textos moi breves e sinxelos seguindo modelos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas con información básica relacionada co tema desta UD.	TI	55
CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.	Expresar oralmente frases curtas coa entoación e o ritmo axeitados		
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.	Expresar mensaxes cotiáns ao chegar e despedirse: good morning, see you tomorrow, can I go to the toilet...		
CA1.8 - Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas interlocutoras e interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Mostrar interese e empatía polos compañeiros nas interaccións		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, de forma guiada e con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar estratexias de mellora		
CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e amosando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actuar con respecto en situacións interculturais, amosando rexeitamento fronte a discriminacións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; expresar rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións elementais; expresar o tempo, a cantidade e o espazo. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse.

Contidos

- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios de tipoloxía variada, tales como folletos, instrucións, normas, avisos ou conversacións reguladoras da convivencia (agradecer, desculparse, pedir permiso).
- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número; espazo e as relacións espaciais; afirmación, exclamación, negación, interrogación.
- Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornas de interese.
- Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).
- Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e pedir e dar indicacións.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa.
- Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.
- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.
- Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
3	I like cooking	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer frases específicas relacionadas coa comidas	PE	50
CA1.4 - Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais, sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado.	Escribir frases sinxelas a partir de modelos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Registrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL).	Registrar os progresos e dificultades atopados		
CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias axeitadas en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para o alumnado, para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos breves e sinxelos sobre temas familiares.	Expresar oralmente información sobre as comidas	TI	50
CA1.5 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Expresar oralmente frases curtas coa entoación e o ritmo axeitados		
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.	Utilizar estratexias elementais de saúde, despedida e presentación para expresar mensaxes breves.		
CA1.8 - Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas interlocutoras e interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Participar en interaccións amosando respecto polos compañeiros		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia pacífica e o respecto polos demais.	Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Técnicas de aprendizaxe. - Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; expresar rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións elementais; expresar o tempo, a cantidade e o espazo. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; expresar rutinas de xeito guiado. - Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornas de interese. - Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa. - Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder a unha necesidade elemental, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. - Participación en intercambios comunicativos planificados, con estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios.

UD	Título da UD	Duración
4	I love the weekend	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiás, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer frases específicas sobre habilidades propias e alleas	PE	50
CA1.4 - Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais, sobre asuntos cotiás e de relevancia persoal para o alumnado.	Escribir textos moi breves e sinxelos seguindo modelos.		
CA2.3 - Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL).	Rexistrar os progresos e dificultades atopados		
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiás e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas con información básica relacionada co tema desta UD.	TI	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.	Participar en interaccións orais sobre asuntos cotiás.		
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.	Expresar mensaxes cotiás ao chegar e despedirse: good morning, see you tomorrow, can I go to the toilet...		
CA1.8 - Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas interlocutoras e interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Mostrar interese e empatía polos compañeiros nas interaccións		
CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e amosando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actuar con respecto en situacións interculturais, amosando rexeitamento fronte a discriminacións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; expresar rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións elementais; expresar o tempo, a cantidade e o espazo. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; expresar rutinas de xeito guiado. - Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornas de interese. - Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas - Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). - Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e pedir e dar indicacións. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias elementais de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais. - Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. - Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira: culturas e modos de vida diferentes. - Padróns culturais elementais transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
5	My school play	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer frases específicas sobre as características físicas	PE	45
CA1.4 - Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais, sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado.	Escribir textos moi sinxelos a partir de modelos		
CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias axeitadas en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para o alumnado, para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos breves e sinxelos sobre temas familiares.	Expresar oralmente información sobre a temática traballada	TI	55
CA1.5 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Expresar oralmente frases curtas coa entoación e o ritmo axeitados		
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.	Expresar mensaxes cotiás ao chegar e despedirse: good morning, see you tomorrow, can I go to the toilet...		
CA1.8 - Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas interlocutoras e interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Mostrar interese e empatía polos compañeiros nas interaccións		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, de forma guiada e con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar estratexias de mellora		
CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e amosando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actuar con respecto en situacións interculturais, amosando rexeitamento fronte a discriminacións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Técnicas de aprendizaxe. - Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; expresar rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións elementais; expresar o tempo, a cantidade e o espazo. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir de xeito pautado persoas. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios de tipoloxía variada, tales como folletos, instrucións, normas, avisos ou conversacións reguladoras da convivencia (agradecer, desculparse, pedir permiso). - Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornas de interese. - Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. - Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). - Recursos para a aprendizaxe e estratexias elementais de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais. - Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa. - Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder a unha necesidade elemental, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. - Participación en intercambios comunicativos planificados, con estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios. - Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
6	I'm on a bike ride	17

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer frases específicas sobre lugares de interese	PE	45
CA1.4 - Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais, sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado.	Escribir textos moi breves e sinxelos seguindo modelos.		
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas con información básica relacionada co tema desta UD.	TI	55
CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.	Participar en situacións interactivas grupais		
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.	Expresar mensaxes cotiáns ao chegar e despedirse: good morning, see you tomorrow, can I go to the toilet...		
CA1.8 - Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas interlocutoras e interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Mostrar interese e empatía polos compañeiros nas interaccións		
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando, de forma guiada, sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Levar a cabo o que expresa o CA2.1 mesmo que sexa contando con axuda.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia pacífica e o respecto polos demais.	Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; expresar rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións elementais; expresar o tempo, a cantidade e o espazo. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: dar indicacións e instrucións elementais. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número; espazo e as relacións espaciais; afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornas de interese. - Léxico elemental relativo a lugares e contornas de interese. - Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). - Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e pedir e dar indicacións. - Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa. - Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. - Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira: culturas e modos de vida diferentes. - Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Para favorecer a adquisición dos obxectivos o enfoque metodolóxico basearase principalmente na creación de situacións comunicativas entre o alumnado. Para incrementar a motivación e o interese dos nenos e nenas, as estratexias se centrarán nos seguintes aspectos:

- Partir das aprendizaxes previas do grupo clase.
- Actividades grupais e/ou en parella que impliquen preguntar e responder para dar/obter información en interaccións cotiás habituais.
- Desenvolver xogos coma o "quen é quen", "find someone who" (...) que estimulen a expresión en lingua estranxeira.
- Poñer énfase na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto se detecten.
- Empregar tecnoloxías dixitais para a proxección de vídeos, xogos interactivos online, videoclips e cancións.
- Facer uso da biblioteca escolar para introducir a lectura en lingua estranxeira adaptada ao nivel do alumnado
- Empregar páxinas web como Story Nory ou Storyonline para favorecer a escoita de contos narrados por persoas de fala inglesa.
- Utilizar fragmentos audiovisuais de documentais, anuncios publicitarios, curtas en vídeo, ... adecuados a este nivel para a práctica da comprensión oral. Este tipo de actividade permitiralles a nenos e nenas acceder a información e imaxes relacionadas con outras materias do currículo, e a temas transversais tales coma a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual; a igualdade de xénero, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.
- Decorar a aula con cartaces feitos polo alumnado que lles recorden a construción de frases de uso diario coma Can I go to the toilet?, Can I borrow...? Can you help me, please?....
- Utilizar materiais visuais e variados, coma libros ilustrados, revistas, periódicos, tarxetas con imaxes do vocabulario das unidades didácticas, páxinas web, presentacións dixitais e vídeos curtos para a adquisición de estratexias de autoaprendizaxe entre as que están a utilización de técnicas coma impulsar repasos frecuentes entre os nenos e nenas, os xogos lingüísticos, a escoita de cancións e o visionado de películas e vídeos nesa lingua.
- Priorizar a linguaxe corporal, os xestos, a mímica e soportes visuais para facerse entender a mestra cos nenos e nenas, e deste xeito practicar e aprender eles mesmos estas estratexias fronte á tradución.
- Asentar e afianzar, así mesmo, a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o que imparte outras áreas nesa lingua, necesaria no actual contexto de centros docentes plurilingües e seccións bilingües.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1- Páxinas web de xogos online
2- Historias e contos publicados na rede
3- Xogos de mesa
4- Xogos físicos
5- Libros de lectura
6- Posters e murais
7- Ferramentas de elaboración de materiais
8- Encerado dixital interactivo - smart board
9 - Uso dos medios audiovisuais con que conte a escola
10- Realía e recursos que nos ofrece a contorna escolar

11- Vídeos
12- Rimas, chants e cancións
13- Class book e activity book de All about us (Oxford)

1- Páxinas web de xogos online:

British council: <https://learnenglishkids.britishcouncil.org/>

Games to learn English: <https://www.eslgamesplus.com/fun-games/>

<https://www.eslgamesplus.com/clothes-and-colors-esl-vocabulary-esl-crocodile-board-game/>

Types of games:

- Memory
- Drag it.
- Simon says
- Match it.
- Guess it.
- What's missing?

2- Historias e contos publicados na rede:

" The Very Quiet Cricket": <https://www.youtube.com/watch?v=YdiGEjz5b0Q>

" From Head to Toe": <https://www.youtube.com/watch?v=QpCebCxrPVk>

3 - Xogos de mesa (sempre relacionadas co vocabulario e expresións de uso frecuente xa traballados e coñecidos polo alumnado)

+ De tarxetas: imaxe-imaxe; imaxe - palabra; palabra - palabra, preguntas:

- * adiviñar a tarxeta;
- * memory game;
- * facer parellas

+ De taboleiro: con imaxes; con imaxes e palabras; con imaxes e instrucións; con preguntas que hai que contestar:

- Snakes and ladders.
- Noughts and crosses.
- Trivial.
- Scrabble.

+ Dominós relacionados cos diferentes temas que vaiamos traballando ao longo do curso.

4 - Xogos físicos:

+ xogos de pelota nos que cada xogador di unha palabra, ou unha frase; ou fai unha pregunta que debe contestar quen recibe a pelota,

+ xogos de rol,

+ xogos coma o do pano e os números, no que se pode variar perfectamente os números cos que xogan cada vez, ou introducir a variante de usar palabras dun campo semántico determinado no canto de números,

+ xogos de localización e movemento no espazo.

5- Libros de lectura, principalmente contos pero tamén poesía: é importante contar con libros que os nenos e nenas podan manipular e cos que se poda facer traballo de lectura e explotación de vocabulario e expresións de uso frecuente. Recomendamos libros publicados por editoriais dos países da LE que estamos traballando, destinados a nenos e nenas desta idade e máis novos.

6- Posters e murais: que nos permiten unha ampla variedade de actividades de comunicación entre o alumnado.

7- Ferramentas dixitais de elaboración de materiais:

+ Ferramentas que nos ofrece a propia Consellería de Educación nas aulas virtuais

+ Genially: <https://genial.ly/why-genially>

+ Canva: https://www.canva.com/es_419/

+ Ferramentas que nos ofrece Google para a escola

8- Encerado dixital interactivo - smart board

9 - Uso dos medios audiovisuais cos que conte a escola: radio, vídeo, tanto para a produción coma para un posterior uso na escoita e comprensión.

10- Realía e recursos que nos ofrece a contorna escolar: moedas, almanaques, cartas de restaurante....

11- Vídeos de plataformas coma Vevo e YouTube: pequenos fragmentos de películas coñecidas polo alumnado, vídeo-clips de cancións que nenos e nenas coñecen e dos que poden aprender e cantar fragmentos, pequenos fragmentos de documentais sobre animais, natureza, tours por cidades e temas transversais tales coma cuestións sociais, dereitos de nenos e nenas.

12- Rimas, chants e cancións.

13- Class book e activity book de All about us (Oxford)

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo na primeira semana do curso para coñecer o nivel do que parte o alumnado. Esta avaliación levarase a cabo mediante a revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, os plans de reforzo e a través de actividades realizadas en Plickers e xogos de acción coma:

- Identificar as características físicas do tempo os números e as cores.
- Identificar os días da semana.
- Identificar os meses do ano.

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	16	16	17	17	17	17	100
Proba escrita	45	45	50	50	45	45	47
Táboa de indicadores	55	55	50	50	55	55	53

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, teremos en conta as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas, fichas e exames, os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas e escalas de observación que terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou instrucións e o grao de traballo no caderno de clase.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

NOTA 1ª AVALIACIÓN= (NOTA UD1 + NOTA UD2) /2

NOTA 2ª AVALIACIÓN= (NOTA UD3 + NOTA UD4) /2

NOTA 3ª AVALIACIÓN= (NOTA UD5 + NOTA UD6) /2

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse as porcentaxes indicadas nos criterios de avaliación acadando o aprobado ao obter un 5.

En canto á nota final na materia, esta será calculada mediante a nota media acadada en cada un dos trimestres.

NOTA 1ª AVALIACIÓN + NOTA 2ª AVALIACIÓN + NOTA 3ª AVALIACIÓN : 3

Criterios de recuperación:

Dada a característica progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso.

6. Medidas de atención á diversidade

En canto ás medidas de atención á diversidade, teranse en conta medidas ordinarias como á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado a través do apoio educativo da auxiliar de conversa.

Ademais, para desenvolver as capacidades do alumnado teranse en conta as súas características individuais como poden ser a adaptación de medios, dos tempos na realización de probas ou tarefas ou o uso de imaxes de apoio.

Exemplos:

- Teranse preparadas follas de actividades para aqueles alumnos-as que acaban as tarefas máis rápido; por exemplo con wordsearch, crosswords, scrabble, out of order de letras ou palabras. ..., sempre relacionadas co léxico dos diferentes temas nos que esteamos centrados en cada momento.

- Pediráselles que axuden a outros alumnos coas súas actividades (función de mediación lingüística).

- Os nenos e nenas que rematen poderán comparar, repasar e practicar lectura do traballo feito con outros/as que tamén vaian rematando.

- Terán á súa disposición xogos de tarxetas (palabra-palabra, palabra - imaxe, imaxe - imaxe), de taboleiro e outros, relacionados co tema.

* Nenos e nenas con dificultade de aprendizaxe:

- Incluílos en actividades colectivas,de grupo, no que teñan o seu propio rol, adaptado as súas capacidades e circunstancias.

*Nenos e nenas con trastornos de conducta:

Buscar a coordinación co equipo de profesorado e orientadora do centro de tal xeito que podamos incluílo nas actividades de aula.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Os dereitos da Infancia	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Nesta programación-guía só seleccionamos estes pero teñamos en conta que os elementos transversais xa están seleccionados nun artigo do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Primaria en Galicia. Corresponde ó profesorado escoller e relacionalos ou non coas UD da área; ademais, algúns elementos transversais terán máis peso nunhas unidades ca noutras.

Por outro lado, cada centro educativo ou mestra/e escollerá o tema ou temas a tratar e o momento máis axeitado ao longo do curso pero tamén pode ocorrer que un tema non previsto sexa importante abordalo nun momento dado por unha cuestión de actualidade.

Na área de LE cómpre aproveitar o momento no que un tema transversal sexa abordado na aula pola mestra/e titora sendo, pois, necesaria a coordinación tanto para escoller o contido coma decidir a maneira de tratalo co grupo.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas	Aproveitaranse na aula de LE, as saídas para actividades de aprendizaxe	X	X	X
Visitas ao centro	Grupos de teatro, contacontos, profesionais de distintos sectores...	X	X	X
Conmemoracións da escola	Samaín, Magosto, Nadal, Entroido, 8-M, dereitos da infancia...	X	X	X
 - Resolución de problemas da vida cotiá a partir dun proceso pautado de modelización con debuxos, esquemas, diagramas, manipulables, dramatizacións, guión de preguntas para interpretar o enunciado, recoñecer os datos útiles, elaborar e contrastar hipóteses, buscar o plan de acción, perseverar na solución, simbolizar e realizar os cálculos, comprobar solucións e expresar clara e correctamente o resultado.
- Relacións e funcións
 - Comparación entre expresións que inclúan obxectos, números, operacións e as súas propiedades, con explicación das relacións de igualdade e desigualdade no contexto cotián e uso adecuado da simboloxía ($=$, $?$, $>$,
 - A igualdade como expresión dunha relación de equivalencia entre dous elementos, obtención de datos sinxelos descoñecidos (representados por medio dun símbolo) ou completión de datos en relacións de igualdade en xogos e retos matemáticos, con persistencia na obtención, contraste e comprobación de que o dato obtido é correcto.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Pensamento computacional - Interpretación de algoritmos sinxelos en situacións cotiás (rutinas diarias, instrucións por pasos ou fases ordenadas) mediante estratexias sinxelas persoais ou modeladas. - Representación de situacións con secuencias de instrucións ou algoritmos sinxelos. - Organización e análise de datos - Extracción e interpretación de información relacionada co contexto familiar e próximo a través da lectura individual e en equipos de gráficos estatísticos (pictogramas, diagramas de barras, histogramas); uso desa información na resolución de problemas. - Formulación en equipo, a partir de modelos, de problemas relacionados co contexto próximo nos que interveña a lectura, interpretación ou representación de gráficas e táboas de datos. - Incerteza - Crenzas, actitudes e emocións - Realización de investigacións matemáticas individuais e en equipo como estratexia para fomentar a curiosidade, o interese e a iniciativa na súa aprendizaxe. - Presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar e compartir o realizado. - Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade - Recoñecemento e comprensión das emocións e experiencias das e dos demais ante as matemáticas.

UD	Título da UD	Duración
7	Pensamento matemático	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar actitudes positivas ante retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Mostrar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	TI	100
CA2.1 - Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Aceptar a tarefa e rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.		
CA3.1 - Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Aceptar a tarefa e rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.		
CA4.1 - Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario e desenvolvendo así a autoconfianza.	Desenvolver a autoconfianza, pedindo axuda só cando sexa necesario.		
CA4.3 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	Empregar estratexias adecuadas na resolución de problemas e exercicios.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	Solucionar as situacións de problema de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.		
CA4.8 - Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos.		
CA4.9 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos no caderno.		
CA5.1 - Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Aceptar a tarefa e rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.		
CA6.1 - Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario e desenvolvendo a autoconfianza.	Desenvolver a autoconfianza, pedindo axuda só cando sexa necesario.		
CA6.2 - Mostrar actitudes positivas ante novos retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Mostrar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.		
CA6.3 - Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Aceptar a tarefa e rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.		
CA6.4 - Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Aceptar a tarefa e rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.		
CA6.6 - Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contaxe - Realización de series ascendentes e descendentes de números de forma manipulativa, simbólica e tecnolóxica (calculadora) a partir dun número dado como introdución ao cálculo mental e a outras operacións, con valoración do erro como unha oportunidade de aprendizaxe. - Sentido das operacións - Estratexias de cálculo mental para resolver operacións de suma, resta, multiplicación (dobre, tripla) e división (metade, terzo) en situacións habituais e significativas, con explicación dos procesos seguidos, aceptación dos erros como unha oportunidade de aprendizaxe e como recurso para evitar a frustración. - Procesos na resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, simbolización, elaboración e expresión da solución, verificación e interpretación en contexto dos resultados obtidos, expresión de forma

Contidos

- ordenada e nas unidades correctas con explicitación do proceso seguido.
- Uso de calculadora como recurso para verificar os resultados de operacións realizadas en problemas, unha vez establecida a idoneidade do proceso.
- Educación financeira
 - Identificación e experimentación en problemas da vida cotiá que requiran administración do diñeiro, fomento do aforro e do consumo responsable en contextos de xogo.
 - Formulación e resolución de problemas, de maneira individual e en equipo, nos que sexa necesario o uso de moedas e billetes, con verificación do resultado e aceptación da necesidade de rectificar en función do erro.
- Medición
 - Resolución de problemas, de forma individual e en equipo, que impliquen a realización de medicións convencionais e non convencionais no contexto escolar: selección e uso do instrumento adecuado (regra, cinta métrica, balanzas, reloxo analóxico e dixital), elección das unidades máis apropiadas, medición con precisión, contraste dos resultados e expresión correcta das unidades, con control e explicación do proceso seguido.
- Estimación e relacións
 - Utilización das medidas de tempo (minutos e segundos) na planificación do traballo, no relato das experiencias persoais e na xestión das emocións: tempo de espera, tempo de calma, quendas de intervención.
- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións
 - Exploración individual e en equipo de propiedades de figuras xeométricas de dúas e tres dimensións mediante materiais manipulables (cuadrículas, xeoplanos, policubos, bloques xeométricos, organicubos, katamino, crebacabezas xeométricos, tangram) para buscar regularidades, comparalas e clasificalas con criterios sinxelos con explicación do proceso.
 - Estratexias e técnicas de construción de figuras xeométricas de dúas dimensións por composición e descomposición, mediante materiais manipulables e a regra, con explicación do proceso.
- Localización e sistemas de representación.
 - Interpretación, descrición e elaboración de itinerarios en planos e maquetas sinxelas en soportes físicos a partir do espazo vivenciado e representación con estratexias persoais e contrastadas en equipo.
- Visualización, razoamento e modelización xeométrica
 - Recoñecemento de relacións xeométricas na linguaxe oral e escrita, contextos lúdicos, artísticos, científicos, técnicos e en calquera outro ámbito da vida cotiá.
- Modelo matemático
 - Resolución de problemas da vida cotiá a partir dun proceso pautado de modelización con debuxos, esquemas, diagramas, manipulables, dramatizacións, guión de preguntas para interpretar o enunciado, recoñecer os datos útiles, elaborar e contrastar hipóteses, buscar o plan de acción, perseverar na solución, simbolizar e realizar os cálculos, comprobar solucións e expresar clara e correctamente o resultado.
- Pensamento computacional
 - Interpretación de algoritmos sinxelos en situacións cotiás (rutinas diarias, instrucións por pasos ou fases ordenadas) mediante estratexias sinxelas persoais ou modeladas.
- Representación de situacións con secuencias de instrucións ou algoritmos sinxelos.
- Organización e análise de datos
 - Estratexias guiadas de recollida e reconto de datos cualitativos ou cuantitativos discretos da vida cotiá, análise, clasificación e organización destes, interpretación da frecuencia absoluta e representación con gráficas sinxelas para comunicalos: pictogramas, gráficas de barras e histogramas.
- Extracción e interpretación de información relacionada co contexto familiar e próximo a través da lectura individual

Contidos

- e en equipos de gráficos estatísticos (pictogramas, diagramas de barras, histogramas); uso desa información na resolución de problemas.
- Formulación en equipo, a partir de modelos, de problemas relacionados co contexto próximo nos que interveña a lectura, interpretación ou representación de gráficas e táboas de datos.
- Incerteza
- Utilización de expresións como seguro, posible e imposible na valoración de resultados de experiencias lúdicas ou cotiás nas que intervén o azar.
- Crenzas, actitudes e emocións
- Recursos e estratexias para regular ou tolerar a frustración ante tarefas matemáticas: recoñecemento das emocións implicadas e a súa expresión, relaxación para rebaixar a intensidade desas emocións, fixación de metas e obxectivos realistas e conseguibles, autocontrol e adestramento positivo.
- Desenvolvemento da autonomía e coñecemento de estratexias para a toma de decisións en situacións de resolución de problemas: ofrecendo alternativas, resolvendo retos, estimulando o razoamento e reforzando os logros.
- Realización de investigacións matemáticas individuais e en equipo como estratexia para fomentar a curiosidade, o interese e a iniciativa na súa aprendizaxe.
- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
- Os enigmas, adiviñas, procuras de pistas, xeroglíficos, codificación, pasatempos e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas.
- Presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar e compartir o realizado.
- Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade
- Identificación de actitudes non inclusivas e discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas en equipo, cunha actitude crítica cara a estas, ademais de sensibilidade e respecto polas diferenzas.
- Os equipos colaborativos e cooperativos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, contrastar opcións, revisar e analizar producións: escoita e participación activa, responsabilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.
- Estratexias guiadas de planificación, control e organización do traballo en equipos para xestionar o tempo, a realización das tarefas, a repartición equitativa e rotatorio de roles en interacción simultánea.
- Recoñecemento e comprensión das emocións e experiencias das e dos demais ante as matemáticas.
- Recoñecemento das contribucións de mulleres e homes en matemáticas e a súa achega a diversos ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais. Os aspectos máis destacables son:

- Partir dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional.
- Acompañar as explicacións de apoio visual con imaxes, vídeos e elaboración de esquemas e mapas conceptuais.
- Utilizar maiormente unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de actividades relacionadas cos distintos contidos.
- Realizar prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas.

A vivencia, manipulación, representación e abstracción son procesos imprescindibles en calquera situación de

aprendizaxe; van poñerse en marcha nas situacións presentadas no día a día da aula, cheas de sentido nas que están presente a exploración e a investigación e nas que é imprescindible responder a unha pregunta, solucionar un reto, lograr unha construción, representar unha vivencia, resolver problemas...

A resolución de problemas xunto ás destrezas emocionais van da man en cada unidade. O problema representa un desafío para o alumnado, permite que faga uso dos seus coñecementos previos, que incorpore datos de outras áreas, que elabore novos coñecementos ou modifique os adquiridos. O problema supón comprometerse cunha solución, tomar decisións, indagar, explorar, analizar, seleccionar procedementos adecuados, sentir satisfacción por chegar a resultados. Trátase de enfrontarse a diferentes retos valorando os erros como oportunidades de aprendizaxe e mellora.

Outro aspecto importante é o fomento da autonomía, establecendo unhas pautas a seguir, uns hábitos de traballo que favorezan a adquisición paulatina de autoxestión a nivel de traballo e a nivel emocional, confiando nas propias posibilidades, capacidades e destrezas, pedindo axuda cando é preciso.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos materiais
Recursos tecnolóxicos
Recursos dixitais
Recursos espaciais

RECURSOS MATERIAIS: Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), manipulativo (regretas Cuissenaire, bloques multibase, xeoplano, tangram, pentominos, figuras e corpos xeométricos, moedas e billetes, metros, medidores, balanzas...), de refugallo, láminas de apoio visual, libros de consulta,...

RECURSOS TECNOLÓXICOS: ordenadores, robots educativos, pizarras dixitais, proxectores, tablets...

RECURSOS DIXITAIS: aula virtual, vídeos educativos, libros dixitais, fichas dixitais interactivas (Liveworksheets), actividades con realidade aumentada, aplicacións para introducir ao alumnado na linguaxe da programación segundo a súa idade (Scratch, mblock ou makeblock...), kahoot ou plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo..., así como os diversos espazos da contorna.

É preciso puntualizar que o emprego de material non é un fin en si mesmo e non garante a consecución dos obxectivos, esixe dunha planificación e secuenciación por parte da docencia.

O emprego do material require dunhas pautas para o seu uso e conservación, deberán ser asumidas e respectadas por todo o alumnado e o seu cumprimento será responsabilidade individual de cada persoa, se ben o reparto e recollida do mesmo estará incluído dentro dos roles dos equipos de traballo.

A distribución e colocación do material na aula favorecerá a accesibilidade para todo o alumnado, de tal xeito que lle resulte sinxelo collelo cando sexa necesario.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación é un proceso de toma de decisións durante o cal se recolle información, debe formar parte dos procesos de aprendizaxe e ensino e ser reguladora e autorreguladora da aprendizaxe.

Neste senso a avaliación inicial debe recoller información relevante do alumnado para poder axustar e desenvolver a programación acorde coas súas características. Nesta área, esta avaliación inicial deberá permitir obter información sobre o desenvolvemento da capacidade do alumnado para actuar en situacións matemáticas diversas poñendo en funcionamento coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes.

Así pois, ao comezar o curso realizarase unha avaliación inicial da área de Matemáticas. Mediante esta avaliación recabarase a información que se precisa dos alumnos/as referida aos seguintes aspectos:

- O recoñecemento de conceptos básicos matemáticos, operacións e interpretación de gráficos, táboas e figuras elementais.
 - Numeración: identificación de números, cantidades, series, composición e descomposición numérica.
 - Cálculo: operacións básicas de suma, resta, multiplicación e reparto con axudas e reforzo gráfico ou manipulativo.
 - Magnitudes (lonxitude, temperatura; capacidade...).
 - Xeometría: figuras e corpos xeométricos.
 - Resolución de problemas e situacións cotiás.
- Os resultados da avaliación inicial daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que participará a totalidade do equipo docente. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do departamento de orientación, decidiranse as medidas de atención á diversidade máis pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	12	12	12	12	16	16	20	100
Proba escrita	80	80	80	80	80	80	0	64
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	20	100	36

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, que son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán sobre todo probas obxectivas (orais e/ou escritas), tarefas ou fichas avaliábeis, que versarán sobre contidos de cada unidade.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o traballo diario e o caderno de clase, o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, o respecto polos compañeiros e a capacidade de seguir instrucións e expresión e comunicación de resultados.

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse as seguintes porcentaxes:

UNIDADE 1: Probas escritas: 80%. Táboas de indicadores 20%

UNIDADE 2: Probas escritas: 80%. Táboas de indicadores 20%

UNIDADE 3: Probas escritas: 80%. Táboas de indicadores 20%

UNIDADE 4: Probas escritas: 80%. Táboas de indicadores 20%

UNIDADE 5: Probas escritas: 80%. Táboas de indicadores 20%

UNIDADE 6: Probas escritas: 80%. Táboas de indicadores 20%

UNIDADE 7: Táboas de indicadores 100%

Para o cálculo da nota de cada avaliación realizarase o seguinte procedemento:

NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= media UDs 1 e 2 (80%) + NOTA UD7 (20%)

NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= media UDs 3 e 4 (80%) + NOTA UD7 (20%)

NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= media UDs 5 e 6 (80%) + NOTA UD7 (20%)

Cualificacións: O resultado da avaliación expresárase con cualificacións numéricas enteiras nos niveis:

- 0 a 4 puntos: Insuficiente (IN).

- 5 puntos: Suficiente

(SU).

- 6 puntos: Ben (BE).

7 puntos: Notable (NT).
- 9 e 10 puntos: Sobresaliente (SB)

De cara a avaliación final, o peso da nota de cada trimestre será o seguinte:

1o TRIMESTRE: 30%

2o TRIMESTRE: 30 %

3o TRIMESTRE: 40%

Grao mínimo de consecución para superar a materia: O alumnado deberá acadar como mínimo o 50% do 100% total para superar cada materia, é dicir, 5 puntos dos 10 totais.

Crterios de recuperación:

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia realizando ben tarefas sobre os contidos traballados, ou ben probas obxectivas.

6. Medidas de atención á diversidade

Partindo da diversidade que amosa o alumnado e de que este non aprende nin da mesma forma nin ao mesmo ritmo, cómpre ter en conta os distintos perfís, ritmos e necesidades de aprendizaxe que existan na aula, observados dentro do grupo ou de forma individualizada, de cara a que as medidas que se adopten reforcen a aprendizaxe de cada alumna e de cada alumno na medida en que esta ou este o precise.

Xunto co departamento de orientación do centro, porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. En xeral, o momento no que se producirá esta detección será durante o proceso de avaliación inicial. Así, tan rápido como se detecten esas necesidades, adoptaranse as medidas educativas máis axeitadas que lle permitan á alumna ou ao alumno continuar de forma óptima o seu proceso educativo.

Entre as medidas que se poderían poñer en marcha estarían:

1. Medidas ordinarias, que faciliten a adecuación do currículo prescritivo sen alteración significativa do mesmo. Teranse en conta, no seu caso, distintas medidas que atendan a:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas, resumos, etc.

- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais...

- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.

- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.

2. Medidas extraordinarias, que dean resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poida requirir modificacións significativas dos elementos prescritivos do currículo. A este respecto, e en relación ao que se observe na aula e o que se propoña desde o departamento de orientación, realizaranse as adaptacións curriculares que se precisen.

En relación ao anterior, habería outras medidas na procura dunha mellor atención á diversidade do alumnado que poderán poñerse en marcha en relación aos recursos existentes no centro:

- A atención de profesorado especialista en pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe.
- O aproveitamento dos recursos da contorna dixital do centro, que poden facilitar que cada alumna ou cada alumno realice tarefas graduais e moduladas acordes ás súas capacidades, podendo ampliar coñecementos ou centrarse en aspectos máis puntuais.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Espí-rito cientí-fico	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Espí-rito do emprendemento						X	X
ET.8 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a Paz	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible						X	X
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Segundo o recollido no artigo 17 (elementos transversais) do Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, na posta en práctica desta programación traballarase de xeito transversal: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional.

Ademais dos elementos transversais citados anteriormente, prestarase especial atención á orientación educativa, á acción tutorial e á educación emocional e en valores.

Tamén se incidirá na prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

O alumnado participará en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións	Celebración das conmemoracións establecidas na PXA.	X	X	X
Festividades	Celebración das festividades tradicionais do ciclo anual	X	X	X
Saídas didácticas	Participación nas saídas didácticas organizadas.	X	X	X
Outras actividades	Participación noutro tipo de actividades como obradoiros, charlas...	X	X	X

Observacións:

O feito de realizar actividades fóra do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación das aprendizaxes.

En canto ás actividades complementarias, realizaranse actividades relacionadas coas diferentes conmemoracións establecidas na PXA:

1o TRIMESTRE

Día Universal da infancia (20/11), Día Internacional contra a Violencia de xénero (25/11), Conmemoración da Constitución e Estatuto de Autonomía de Galicia (06/12), Día Internacional da Persoas con Discapacidade (03/12) e Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos(10/12).

2o TRIMESTRE

Día Escolar da non Violencia e da Paz (30/01), Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia (11/02), Día de Rosalía de Castro (23/02), Semana da prensa (2ª semana marzo) e Día Internacional da Muller (08/03)

3o TRIMESTRE

Día Internacional dos Dereitos do Consumidor (15/03), Día das Artes Galegas (01/04), Día Mundial da Saúde (07/04), Día da Terra (22/04), Semana do Libro (23/04), Día Internacional contra o Acoso Escolar (02/05), Semana da Letras Galegas (17/05) e Día Mundial do Ambiente (05/06)

Ademais, celebraranse festas tradicionais como o Samaín, o Magosto e o Entroido, así como outras actividades que os equipos docentes deseñarán no momento oportuno (lecturas, contacontos, presentacións, saídas...), e que servirán para o desenvolvemento das competencias clave.

Tamén se realizarán actividades relacionadas cos programas nos que participa o centro e programaranse saídas didácticas para realizar nos diferentes trimestres.

En todas as actividades programadas tratarase de fomentar a convivencia, desenvolver actitudes de solidariedade e irmandade entre o alumnado e profesorado, ademais de salientar valores sociais, culturais e morais, imprescindibles para o bo progreso dos individuos como seres sociais.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación da programación ao contexto da aula.
Temporalización da programación axeitada.

Metodoloxía empregada
Metodoloxía adaptada ás características do alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Organización e aproveitamento dos recursos e materiais.
Medidas de atención á diversidade
Implementación de medidas de atención á diversidade.
Clima de traballo na aula
Establecemento dun clima de traballo positivo na aula.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Coordinación co equipo docente e familias.

Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente teranse en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada do noso labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo aos seguintes aspectos:

- Comprobación dunha correcta planificación e temporización das unidades didácticas.
- Realización dun seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019104	CEIP Plurilingüe Nantes	Sanxenxo	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	3º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	19

1. Introducción

A Música e a Danza ofrecen múltiples beneficios nas persoas que o practican e contribúe ao desenvolvemento global do alumnado en múltiples dimensións:

- A través do desenvolvemento da percepción e da motricidade;
- Potenciando o pensamento crítico;
- Estimulando a atención e a memoria a curto e longo prazo;
- Mellorando a expresividade, a comunicación e a sociabilidade.
- Favorece o desenvolvemento emocional ea sensibilidade estética;
- Estética e creativa, a través da estimulación da imaxinación, da creatividade e da autonomía.

As diferentes manifestacións culturais e artísticas teñen unha presenza constante na contorna e na vida das persoas, formando parte intrínseca do seu propio ser e da súa actividade comunicativa e social, á vez que son parte esencial do patrimonio cultural.

Connatural ao ser humano desde a orixe dos tempos, pola súa importancia na vida, debe gozar da súa atención e do seu espazo. (Decreto 155/2022, do 15 de setembro). "A música pertence a todos" (Zoltan Kodály); "é unha cousa ampla, sen límites, sen fronteiras, sen bandeiras" (León Gieco). Considerase "a verdadeira linguaxe universal" (Carl M. von Weber).

A música e a danza son manifestacións artísticas que transcenden barreiras. Con traballo, constancia e motivación, calquera pode desenvolver o seu talento e mellorar non só a nivel persoal, senón tamén como parte dun grupo. A unión de persoas de diferentes caracteres, niveis e procedencias enriquece a experiencia creativa. Cada individuo aporta unha perspectiva única, transformando o proceso nunha viaxe colectiva onde todos aprenden e crecen. Ao compartir esta paixón, constrúense vínculos e celébrase a diversidade, convertendo a diferenza nunha poderosa forza que potencia a expresión artística.

A área de Música e Danza desenvólvese a través dunha dobre dimensión:

- Reflexión que leva a comprender a cultura e a desenvolver o sentido crítico a través da percepción e o análise.
- Creación e produción artística que pon en práctica a comunicación e expresión persoal e colectiva de forma plástica e visual.

Característas do entorno:

- Concello: 7 parroquias, dependente do turismo e do rural. Conta con escola de música na que participa algún alumno.
- Centro Escolar: Situado nunha parroquia rural a 3 km do Concello no interior. Con 2 aulas de EI e 6 de primaria cun a media de 12 a 15 alumnos por aula. Unha porcentaxe alta de necesidades de diverso tipo.
- Familias: Ambiente rural e turístico. Colaboradores e participativos; alexados da actividade presencial.
- Alumnado: Baixo nivel de competencia lingüística, tanto oral como escrita; carencias de vocabulario, razoamento, organización e hábitos de traballo. No referente a música custa respetar os silencios, escoitar, manter a atención, situarse no espazo ou manexar a propia lateralidade. Cóntase cunha gran capacidade para ilusionarse cos novos aprendizaxes,boa disposición; incluso nas dificultades.
- Moito movemento tanto de alumnos como do profesorado ao longo dos últimos anos.
- Dispón de aula de informática, Biblioteca e Plástica Bilingüe
- Pouca flexibilidade horaria ou de agrupamentos.
- Aula de música compartida con actividades extraescolares, actuacións, Sen espazo para co material este protexido. A falta de espazo fai necesaria unha maior creatividade e imaxinación cas veces axuda a obrer resultados máis satisfactorios.

Horario: 1 sesión de 50 minutos semanais.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.								2-4
OBX3 - Investigar sobre de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia	3	3	2	1	4	3		1-2
OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1			2	1-5	2	1	3-4
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Outono, Magosto e Nadal	Dirixida a establecer as bases de traballo: rutinas, responsabilidades, coidado do material... Achegarse aos elementos básicos da música, os instrumentos, o movento e a	25	9	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Outono, Magosto e Nadal	linguaxe musical. O fio conductor serán as conmemoracións do primeiro trimestre.	25	9	X		
2	Inverno, a Paz e Entroido	Prosigue o traballo reforzando e ampliando paulatinamente os elementos da música e da danza. Nesta ocasión, a través do inverno, a Paz o Entroido e as conmemoracións do segundo trimestre.	25	9		X	
3	A Primavera, Verán e Fin de Curso	Se seguen desenvolvendo contido, co propósito de afianzar o traballado. O fio conductor será a Primavera, o Verán, as letras galegas e as conmemoración do terceiro trimestre do curso.	25	9			X
4	Música, Danza e Emocións	Nos achegamos as musicas e danzas da nosa terra e de outras rexions e países. A través do Coro de Emocións, do traballo coas emocións e dos lugares de procedencia dos alumnos fomentamos a expresión artística individual e como grupo	25	8	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Outono, Magosto e Nadal	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Identifica, e representa con grafa non convencional, negra e silencio de negra; son rápido e curto e son forte e piano.	PE	20
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descubre ou Discrimina algunha proposta musicais tradicionais ou populares traballadas.	TI	80
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Interpreta e crea combinacións rítmicas, con grafías non convencionais.		
CA2.3 - Utilizar elementos básicos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Interpreta algunha proposta musical básica		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Recoñece algunha proposta musical		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce algún dos movementos ritmicos ou expresivos de acordo coas instrucións pactadas		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais. - A voz e os instrumentos musicais. Principais agrupacións e familias. Identificación visual e auditiva. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - O tempo, o carácter e a dinámica: identificación dos máis característicos. - O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario e ternario en fragmentos e pezas musicais seleccionadas. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Vocabulario específico de uso común en música. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. - Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.

Contidos

- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Manifestacións básicas vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas.
- Aproximación aos elementos básicos da representación escénica. Roles, materiais e espazos.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante
- O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expre
- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo.
- Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

UD	Título da UD	Duración
2	Inverno, a Paz e Entroido	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Identifica, e representa as figuras musicais traballadas.	PE	20
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre ou discrimina algunha proposta musicais tradicionais ou populares traballadas.	TI	80
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Interpreta e crea algunha combinación rítmica		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Utilizar elementos básicos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Reproduce rítmicamente co corpo fórmulas sinxelas de pregunta-resposta		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		
7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia Dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico	X	X	X

Observacións:

Na elaboración das actividades e na realización das tarefas fomentárase

- O traballo en grupo.
- A pluralidade, a liberdade, a capacidade de decisión, o dereito a ser diferente....
- A igualdade, o respecto, a cooperación..
- O espírito emprendedor, a creatividade, autonomía...
- O consumo responsable, a sostenibilidade, a saúde...

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación nas conmemoracións	Difusión do resultado dos proxectos.	X		X
Invitado especial	Entrevista ou colaboración informativa	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Colaboración Revista	Elaboración de artículo, cartel...	X	X	X

Observacións:

Para elo contarase coa colaboración das familias e do entorno.
A maiores están as actividades previstas na titoría e no proxecto de centro

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Metodoloxía empregada
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Medidas de atención á diversidade
As medidas de atención á diversidade fóron efectivas
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado
Aportouse información útil ao profesorado titor

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da Avaliación verá determinado por:

- O cumprimento da temporalización
- A adecuación as necesidades do alumnado
- O aproveitamento das sesións
- A utilización dos recursos previstos e dispoñibles.

Esta parte será autoavaliativa e quedará reflexada no caderno/diario de clase e o final de cada avaliación.

E tamén haberá unha avaliación externa por parte do alumnado que reflexe:

- O grado de satisfacción cos aprendizaxes e destrezas adquiridas.
- O grado de satisfacción coa presentación dos proxectos, o asesoramento e a conducción dos mesmos.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019104	CEIP Plurilingüe Nantes	Sanxenxo	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Relixión Católica	3º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	23
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	23
6. Medidas de atención á diversidade	24
7.1. Concreción dos elementos transversais	27
7.2. Actividades complementarias	28
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	28
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	29
9. Outros apartados	30

1. Introducción

Introdución

A programación didáctica da materia de relixión é a adaptación do currículo oficial aprobado pola Comisión de Ensinanza e Catequese e propón, con un carácter estable, un plan de actuación operativo para un grupo de alumnos concreto e para un tempo determinado.

O currículo estruturase ó redor de áreas de coñecemento e nelas teñen que buscarse os referentes que permitirán a introdución das competencias clave nesta etapa. Así mesmo, tanto os obxectivos como a propia selección dos contidos buscan asegurar o desenvolvemento de todas elas e os criterios de avaliación serven de referencia para valorar o progreso da súa adquisición.

BREVE ANÁLISE DO CONTEXTO.

CARACTERÍSTICAS DO ENTORNO

Atopámonos o C.E.I.P. Plurilingüe NANTES ubicado nunha parroquia interior do Concello de Sanxenxo, con zonas verdes e cun núcleo de poboación pequeno e con casas illadas, sendo o

nivel socioeconómico das familias medio- baixo de forma xeral e con algunha excepción de nivel socio-económico alto. O centro consta dun edificio e cun espazo exterior amplo dentro do recinto escolar con zona verde, de xogos, pista deportiva e na actualidade en construción un pavillón que polas tardes será de titularidade municipal...

O número de alumnado que asiste á clase de relixión é catro.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, identificar e expresar os elementos crave da dignidade e a identidade persoal en situacións vitais próximas, a través de biografías inspiradoras e relatos bíblicos de alcance antropolóxico, para ir conformando a propia identidade e as súas relacións con autonomía, responsabilidade e empatía.	1-3			1-4	1-2-5		2-3	3
OBX2 - Descubrir, recoñecer e estimar a dimensión socioemocional expresada na participación en diferentes estruturas de pertenza, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais tendo en conta algúns principios xerais da ética cristiá, para a mellora da convivencia e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Identificar e interpretar as situacións que prexudican ou melloran a boa convivencia, analizándoas coas claves persoais e sociais da proposta cristiá, para fomentar o crecemento moral, a cooperación cos demais e o desenvolvemento de valores orientados ao ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural nalgunhas das súas expresións máis significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas.	4	3		2-3		3		1-2-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecendo nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristián e doutras relixións, para favorecer o autoconhecimento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Tenemos una misión	Todas as persoas teñen unha misión. O noso reto é facer as cousas ben	10	4	X		
2	Somos responsables	Somos persoas de confianza, que adquirimos compromisos con Deus e cos demais	10	4	X		
3	Chega o Nadal	Como cada ano anunciamos a nova mais importante, o nacemento de Xesús	20	5	X		
4	Amigos de todos	O noso obxectivo vai ser mellorar as relacións cos demais, acoller a todos e aprender a comportarnos con todas as persoas	10	4		X	
5	Construímos un mundo novo	Que podemos aportar cada un de nos para mellorar o mundo, o colexio...?	10	4		X	
6	O amor mais grande	A semana mais importante para Xesús e para o cristianismo	20	5		X	
7	A familia Cristiá	Núcleos de socialización, familia, escola, grupo de amigos. Os integrantes da familia de Xesús,	10	5			X
8	A Igrexa hoxe	Coñecemos a nosa Igrexa e continuamos coa misión de Xesús	10	4			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Tenemos una misión	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e expresar a través de composicións orais, escritas e artísticas os elementos clave da dignidade e a identidade persoal, relacionándoas con diferentes situacións vitais, tendo en conta biografías e relatos bíblicos de vocación e misión.	Identifica elementos que integran a dignidade das persoas (os dereitos das persoas) afecto, vivenda...	TI	100
CA1.2 - Desenvolver sensibilidade sobre o valor da vida e da igual dignidade do ser humano, e o seu papel no coidado da natureza, tomando como modelo personaxes bíblicos e da tradición cristiá.	Enumera situacións de coidado da natureza		
CA1.6 - Distinguir algúns dos valores propios do cristianismo e a súa presentación en pasaxes dos evanxeos, para aplicar a cooperación e a mediación, a resolución pacífica de conflitos e a construción do ben común en situacións próximas.	Recoñece malas e boas actitudes en si mesmo		
CA1.11 - Comprender a importancia da alianza de Deus co pobo de Israel que ten a súa continuación en Xesucristo, e as súas achegas sociais e culturais na historia.	Lembra e relata historias tratadas na aula sobre a Alianza de Deus co pobo de Israel		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Relatos bíblicos de vocación e misión. - As relacións cos outros como oportunidade de autocoñecemento e crecemento persoal. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Antigo e Novo Testamento. - A importancia da alianza de Deus co pobo de Israel. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O coidado da contorna natural e social como casa común.

UD	Título da UD	Duración
2	Somos responsables	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Distinguir algúns dos valores propios do cristianismo e a súa presentación en pasaxes dos evanxeos, para aplicar a cooperación e a mediación, a resolución pacífica de conflitos e a construción do ben común en situacións próximas.	Propón solucións para resolver de forma pacífica os conflitos	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Relatos bíblicos de vocación e misión. - Toma de conciencia da experiencia persoal e do modo de relacionarnos cos demais e con Deus. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - A importancia da alianza de Deus co pobo de Israel. - A importancia do perdón para a construción de relacións sociais sólidas, solidarias e fraternas. O sacramento da reconciliación. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - A proposta moral cristiá para a vida en sociedade. - Ética do coidado: a responsabilidade, a compaixón, o perdón e o amor.

UD	Título da UD	Duración
3	Chega o Nadal	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Admirar diferentes expresións do patrimonio cultural e da relixiosidade popular, recoñecendo a súa beleza e o seu significado relixioso e a súa vinculación con textos bíblicos, valorando a súa achega á identidade cultural.	Recoñece o significado relixioso da tradición cristiá do Nadal	TI	100
CA1.8 - Observar nas celebracións litúrxicas, os espazos sacros e os sacramentos da Igrexa elementos esenciais do cristianismo, poñéndooos en relación coa vida de Xesús e a tradición da Igrexa.	Enumera algúns elementos e espazos da Igrexa e lembra algúns sacramentos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.10 - Identificar as virtudes e actitudes que axudan a un crecemento persoal e espiritual, a través do autoconecemento e do acceso a outras experiencias de personaxes da tradición cristiá.	Enumera actitudes cristiás que axudan a mellorar		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A importancia da familia e a comunidade como fonte de felicidade. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Identificación de diversos símbolos e tradicións relixiosas, en torno ao calendario litúrxico e os sacramentos. - María, Nai da Igrexa. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Unha mirada cristiá á realidade: a toma de conciencia das situacións sociais inxustas.

UD	Título da UD	Duración
4	Amigos de todos	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Adquirir destrezas e habilidades sociais que potencien a súa inclusión no grupo e contornas culturais próximos, a través da lectura de pasaxes bíblicas do Novo Testamento e a análise de comportamentos de coidado, responsabilidade, solidariedade e perdón.	Identifica e aplica comportamentos cristiás a situacións reais da aula		
CA1.4 - Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como punto de partida os relatos sobre a comunidade de Xesús de Nazaret, os Apóstolos e a Igrexa, asumindo responsabilidades no coidado das persoas e do planeta.	Escoita con interese os relatos bíblicos que se amosan na aula	TI	100
CA1.6 - Distinguir algúns dos valores propios do cristianismo e a súa presentación en pasaxes dos evanxeos, para aplicar a cooperación e a mediación, a resolución pacífica de conflitos e a construción do ben común en situacións próximas.	Propón solucións para resolver de forma pacífica os conflitos		
CA1.9 - Recoñecer e valorar o encontro cos demais como oportunidade para o desenvolvemento da propia interioridade, tendo como referencia os encontros de Xesús de Nazaret.	Amosa unha disposición positiva por establecer relacións cos compañeiros/as		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A centralidade da persoa na mensaxe cristiá. - Técnicas de mediación para a resolución pacífica de conflitos á luz do Evanxeo. - As relacións cos outros como oportunidade de autoconhecimento e crecemento persoal. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Relatos bíblicos que describen a vida de Xesús de Nazaret cos Apóstolos e as primeiras comunidades cristiás. - A importancia do perdón para a construción de relacións sociais sólidas, solidarias e fraternas. O sacramento da reconciliación. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - A proposta moral cristiá para a vida en sociedade. - Actitudes de respecto e inclusión para crear contornas de convivencia intercultural.

UD	Título da UD	Duración
5	Construímos un mundo novo	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como punto de partida os relatos sobre a comunidade de Xesús de Nazaret, os Apóstolos e a Igrexa, asumindo responsabilidades no coidado das persoas e do planeta.	Recoñece cales son algunhas das responsabilidades que temos para coidar o planeta e para levarse ben	TI	100
CA1.5 - Colaborar e promover cos demais a análise de situacións que prexudican ou melloran a convivencia e a posta en marcha de accións responsables que favorezan a construción dun mundo máis equitativo e inclusivo.	Propón algunha medida para mellorar a convivencia		
CA1.6 - Distinguir algúns dos valores propios do cristianismo e a súa presentación en pasaxes dos evanxeos, para aplicar a cooperación e a mediación, a resolución pacífica de conflitos e a construción do ben común en situacións próximas.	Propón solucións para resolver de forma pacífica os conflitos		
CA1.10 - Identificar as virtudes e actitudes que axudan a un crecemento persoal e espiritual, a través do autoconhecimento e do acceso a outras experiencias de personaxes da tradición cristiá.	Recoñece malas e boas actitudes en si mesmo		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Técnicas de mediación para a resolución pacífica de conflitos á luz do Evanxeo. - As relacións cos outros como oportunidade de autoconhecimento e crecemento persoal. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Xesús anuncia o Reino de Deus: fraternidade e misericordia. - Relatos bíblicos que describen a vida de Xesús de Nazaret cos Apóstolos e as primeiras comunidades cristiás. - A importancia do perdón para a construción de relacións sociais sólidas, solidarias e fraternas. O sacramento da reconciliación. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Hábitos e actividades para o logro dos obxectivos de desenvolvemento sostible á luz da ética cristiá. - Proxectos de servizo e solidariedade promovidos pola Igrexa.

UD	Título da UD	Duración
6	O amor mais grande	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Admirar diferentes expresións do patrimonio cultural e da relixiosidade popular, recoñecendo a súa beleza e o seu significado relixioso e a súa vinculación con textos bíblicos, valorando a súa achega á identidade cultural.	Recoñece o significado relixioso da tradición cristiá da Semana Santa	TI	100
CA1.10 - Identificar as virtudes e actitudes que axudan a un crecemento persoal e espiritual, a través do autoconhecimento e do acceso a outras experiencias de personaxes da tradición cristiá.	Recoñece malas e boas actitudes en si mesmo/a		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A dignidade do ser humano. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Identificación de diversos símbolos e tradicións relixiosas, en torno ao calendario litúrxico e os sacramentos. - Transmisión do sentimento relixioso a través da música e as artes. - A relación de Xesús coas persoas do seu tempo.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A Igrexa, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía. - Aprecio da importancia de vivir a fe en comunidade para a persoa crente. - Obras artísticas que representan momentos da tradición bíblica e que son configuradoras da súa identidade cultural. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Ética do coidado: a responsabilidade, a compaixón, o perdón e o amor.

UD	Título da UD	Duración
7	A familia Cristiá	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como punto de partida os relatos sobre a comunidade de Xesús de Nazaret, os Apóstolos e a Igrexa, asumindo responsabilidades no coidado das persoas e do planeta.	Escoita con interese os relatos bíblicos que se amosan na aula	TI	100
CA1.6 - Distinguir algúns dos valores propios do cristianismo e a súa presentación en pasaxes dos evanxeos, para aplicar a cooperación e a mediación, a resolución pacífica de conflitos e a construción do ben común en situacións próximas.	Recoñece malas e boas actitudes en si mesmo/a		
CA1.8 - Observar nas celebracións litúrxicas, os espazos sacros e os sacramentos da Igrexa elementos esenciais do cristianismo, poñéndoo en relación coa vida de Xesús e a tradición da Igrexa.	Enumera algúns elementos e espazos da Igrexa e lembra algúns sacramentos		
CA1.9 - Recoñecer e valorar o encontro cos demais como oportunidade para o desenvolvemento da propia interioridade, tendo como referencia os encontros de Xesús de Nazaret.	Amosa unha disposición positiva por establecer relacións cos compañeiros/as		
CA1.12 - Valorar a Igrexa como comunidade que continuou coa misión de Xesús resucitado, desde as primeiras comunidades cristiás ata a actualidade, recoñecendo as súas celebracións, tradicións e contribucións sociais.	Identifica a finalidade das primeiras comunidades cristiás		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A importancia da familia e a comunidade como fonte de felicidade. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Antigo e Novo Testamento. - Relatos bíblicos que describen a vida de Xesús de Nazaret cos Apóstolos e as primeiras comunidades cristiás.

UD	Título da UD	Duración
8	A Igrexa hoxe	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como punto de partida os relatos sobre a comunidade de Xesús de Nazaret, os Apóstolos e a Igrexa, asumindo responsabilidades no coidado das persoas e do planeta.	Escoita con interese os relatos bíblicos que se amosan na aula	TI	100
CA1.6 - Distinguir algúns dos valores propios do cristianismo e a súa presentación en pasaxes dos evanxeos, para aplicar a cooperación e a mediación, a resolución pacífica de conflitos e a construción do ben común en situacións próximas.	Propón solucións para resolver de forma pacífica os conflitos		
CA1.8 - Observar nas celebracións litúrxicas, os espazos sacros e os sacramentos da Igrexa elementos esenciais do cristianismo, poñéndoos en relación coa vida de Xesús e a tradición da Igrexa.	Enumera algúns elementos e espazos da Igrexa e lembra algúns sacramentos		
CA1.12 - Valorar a Igrexa como comunidade que continuou coa misión de Xesús resucitado, desde as primeiras comunidades cristiás ata a actualidade, recoñecendo as súas celebracións, tradicións e contribucións sociais.	Identifica a finalidade das primeiras comunidades cristiás		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A importancia da familia e a comunidade como fonte de felicidade. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Identificación de diversos símbolos e tradicións relixiosas, en torno ao calendario litúrxico e os sacramentos. - A Igrexa, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía. - Tipos de oración: características e diferenzas. - Valor cultural e artístico do patrimonio da diocese. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.

Contidos

- Proxectos de servizo e solidariedade promovidos pola Igrexa.

4.1. Concrecións metodolóxicas

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

No referente á Educación Primaria, esta é a etapa na que o neno comeza a ter conciencia das súas propias accións percibíndose cada vez máis como individuo, o alumnado enfrontase por primeira vez á urxente necesidade de realizar o descubrimento da súa propia identidade. Este proceso está moi condicionado polos modelos culturais que os adultos encarnan, modelos que inflúen na vida cotiá dos nenos, nos seus xogos e nas súas accións creativas. Precisamente unha das funcións da ensinanza católica nesta etapa é a presentación dos modelos cristiáns de identificación. Estes atópanse nas figuras bíblicas máis destacadas da historia da Salvación, nas accións e vivencias da comunidade cristiá e sobre todo na persoa, vida e palabra de Xesús. A súa inseguridade, propia dunha idade temperá, está demandando modelos de vida auténticos no proceso de maduración da súa personalidade. A

ensinanza relixiosa católica vai insistir na proposta explícita da persoa de Xesucristo, os principios que de El dimanaran, os valores e as actitudes que brotan a fin de que o alumnado reflexione seriamente acerca da conduta persoal e social. Como en todas as áreas, o currículo da relixión e moral católica é o instrumento básico e imprescindible para o desenvolvemento da propia materia. Os principios nos que baseamos a proposta son os seguintes:

. Desde a perspectiva epistemolóxica das diferentes áreas de coñecemento:

1. Non todos aprendemos igual en todo momento.
2. En cada momento hai influencias sobre o coñecemento que proveñen das experiencias previas e das situacións novas.
3. O coñecemento é o resultado da interacción entre as experiencias previas e as situacións novas; polo que, máis que transmitirse, constrúese mediante a práctica, poñendo de relevo o seu carácter constructivista, social e interactivo.
4. Calquera coñecemento pode ter diferentes lecturas, significados e formulacións, podendo ser

todos obxectivos. Ensinar/aprender supón contrastar perspectivas, enriquecer esquemas conceptuais con novas achegas por parte de todos, superar as lagoas e emendar os erros.

5. O ensino debe buscar interaccións cada vez máis ricas e significativas entre os elementos proporcionados por diferentes soportes (textos, audiovisuais, etc.), mediadores (docentes, compañeiros, pais), métodos e situacións ou feitos (da vida cotiá, descubrimentos, centros de interese, etc.).

. Desde a perspectiva psicolóxica:

a) Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado.

1. Das súas características evolutivo-madurativas específicas, en xeral.

2. Do seu nivel de competencia cognitiva.

3. Dos coñecementos previamente construídos.

b) Asegurar aprendizaxes construtivas e significativas.

1. Diagnosticando os coñecementos previos que posúe.

2. Conectando e integrando os contidos e estratexias previos cos novos por vivir e por

aprender. O alumnado, co que sabe e grazas ao xeito como o profesor ou a profesora preséntanlle a información, reorganiza o seu coñecemento entrando en novas dimensións, transferindo ese coñecemento a outras situacións, descubriendo os principios e os procesos que o explican, mellorando a súa capacidade organizativa comprensiva para outras experiencias, ideas, valores e procesos de pensamento que vai adquirir dentro e fóra da aula.

c) Favorecer a aprendizaxe autónoma.

1. Desenvolvendo un modelo curricular que asegure que os alumnos e as alumnas realicen aprendizaxes significativas por si mesmos, aprendendo a aprender, adquirindo estratexias cognitivas e metacognitivas que favorezan o asentamento dunha boa memoria comprensiva (semántica). Modelo que, partindo do establecemento de redes conceptuais que permitan representar toda a estrutura da materia de forma sinxela e clara, das cales se poida formar os esquemas conceptuais e cognitivos oportunos, permita a xeración de mapas cognitivos que establezan relacións entre os distintos contidos, facilitando a percepción da súa

estrutura ao dar resposta adecuada ás tres interrogantes que a ciencia expone: que (descrición) e os seus detalles (cales, como, onde e cando), o por que (explicación) e o para que (intervención).

2. Modificando progresivamente os esquemas previos do coñecemento do alumnado, desde o saber cotián ao saber científico.

d) Potenciar a actividade.

1. Facilitando a reflexión á hora da acción.

2. Posibilitando que o alumnado faga aquelas actividades que aínda non son capaces de realizar sós, pero si coa axuda conveniente (zona de desenvolvemento potencial).

. Desde a perspectiva pedagóxica:

a) Partir da avaliación inicial, específica e global.

1. Das súas aptitudes e actitudes.

2. Das súas necesidades e intereses.

3. Dos seus coñecementos previos, xerais e por áreas.

b) Motivar adecuadamente.

1. Creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias.

2. Propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións.

3. Espertando unha motivación intrínseca que potencie o gusto por aprender

c) Analizar os esquemas previos de coñecemento.

1. Asegurando que se posúen os requisitos básicos para poder abordar a seguinte nova aprendizaxe.

2. Reforzando os conceptos previos máis débiles e sensibles.

d) Fomentar a zona de desenvolvemento potencial na adquisición dos novos coñecementos.

1. Achegando mediante a actitude docente o exemplo adecuado que se debe seguir (currículo implícito ou latente).

2. Facilitando que poida desenvolver a súa actividade coa mínima axuda necesaria.

3. Consolidando enlaces entre os coñecementos previos e os novos.

4. Estruturando e dosificando os novos contidos conceptuais de forma apropiada (redes, esquemas e mapas).

5. Promovendo a funcionalidade das aprendizaxes, aplicándoas e transferíndoas a outras situacións ou contidos diferentes.

6. Tendo moi en conta os coñecementos de cada materia, respectando a súa estrutura epistemolóxica, a súa lóxica interna específica e os avances do momento.

. Desde a perspectiva sociolóxica:

a) Partir do diagnóstico inicial das relacións sociais que se dan na aula, como micro sociedade viva, xerme das futuras relacións da vida real.

1. De relacións afectivas e efectivas.

2. De roles: líderes, rexeitados, etc.

b) Formar grupos nos que se favorezan as relacións humanas e a moderación dos roles máis adecuados.

1. Facilitando a comunicación, diálogo, como base da comprensión (práctica de técnicas intragrupois de dinámica de grupo).

2. Propiciando a interrelación cos demais grupos (práctica de técnicas intergrupois).

3. Repartindo competencias e responsabilidades a todos os seus membros.

4. Desenvolvendo as capacidades de autoxestión e cooperación.

5. Favorecendo a aprendizaxe cooperativa. Darlles vida os grupos co exercicio constante de

experiencias enriquecedoras.

6. Preparando para a convivencia democrática, a participación cidadá e a igualdade.

7. Respectando aos demais e as súas diferentes culturas: tolerancia e aceptación da diversidade.

8. Construindo unha cultura común.

En suma, poderíamos unilos nos seguintes principios metodolóxicos:

a) Respecto ás leis da maduración.

b) Comunicación e apertura.

c) Individualización e autonomía.

d) Socialización.

e) Secuenciación.

f) Flexibilidade.

g) Aprendizaxe construtiva-significativa.

h) Formación de hábitos e actitudes.

i) Coordinación coa familia.

Especificamente, estes principios deben facilitar:

1. A conexión co nivel de desenvolvemento real e potencial dos alumnos e as alumnas, atendendo as súas diferenzas individuais e partindo do próximo para chegar ao afastado. Esta atención á diversidade requirirá a elaboración de programas específicos que asuman a función compensadora

que pretende a Educación Primaria.

2. A comunicación a través do diálogo e a apertura a outras formas de pensar e obrar.

3. Un clima afectivo, rico en vivencias baseadas no respecto mutuo, procurando a motivación necesaria para espertar, manter e incrementar o interese dos alumnos e as alumnas.

4. O progreso do xeral ao particular, de forma cíclica, en función do pensamento globalizado do alumno e a alumna, integrando as áreas coa formulación de contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais comúns, tendo en conta a transversalidade do currículo.

5. A adaptación da acción educativa ás diferenzas persoais (capacidade, intereses e ritmo de aprendizaxe), como base do desenvolvemento integral e autónomo.

6. O espírito de grupo co exercicio da participación e a cooperación, practicando a aprendizaxe en grupo, a interacción e interrelación de iguais e de discentes e docente.

7. A organización de contidos, de maneira que exista harmonía entre as metas e os medios que se utilizan para conseguilas.

8. A actividade constante do alumno e a alumna,

entendéndoa como ferramenta básica da aprendizaxe autorregulado.

9. A flexibilidade adecuada nas diversas situacións de aprendizaxe, tanto na selección da metodoloxía máis aconsellable en cada caso como nos aspectos organizativos espazotemporais.

10. A aprendizaxe construtiva-significativa, partindo da consolidación do saber anterior e o reforzo daquel que permita enlazar os organizadores previos co novo coñecemento que se debe adquirir.

11. O xogo como elemento motivador fundamental na construción da moralidade, regulando o paso da heteronomía á autonomía persoal e social.

12. A creatividade de alumnos e alumnas e docentes, como forma diversificada e enriquecedora de comunicación.

13. O tránsito desde a formación de conceptos e a aplicación de procedementos á construción de hábitos e a definición de actitudes, que culmine a consolidación de valores e o respecto ás normas.

14. O contacto escola familia como marco afectivo de relacións e, por extensión, de toda a comunidade educativa.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libros de Relixión Católica
Biblias e libros de consulta
Material dixital: internet, ordenador, tablet, proxector, aplicacións informáticas
Material de expresión plástica

Os materiais e recursos didácticos que se propoñen están en coherencia e ao servizo dos demais elementos da programación didáctica. A insuficiente carga lectiva desta materia esixe unha planificación que permita rentabilizar os tempos de traballo directo co grupo para desenvolver o programado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Cada nova situación de aprendizaxe require descubrir o tipo e grao de coñecemento que o escolar posúe sobre o contido que debe aprender. Isto axúda ao profesor a planificar as novas aprendizaxes que propón na aula. A avaliación inicial realízase ao principio de calquera secuencia de aprendizaxe pero, sobre todo, é fundamental na primeira aproximación ao neno e a nena. Esta avaliación inicial vai consistir na realización dunha proba que pode ser escrita, oral ou a través de xogos no EDI, que estará adaptada ao curso ao que vai dirixida e tendo en conta os resultados adaptaremos a programación

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	20	10	10	20	10	10	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas na unidade

Realización do traballo na aula:
Realización adecuada do traballo
Organización dos materiais
Presentación do caderno

Valoración de actitudes na aula:
Escoita
Participación
Esforzo
Colaboración
Hábitos, rutinas e normas

Criterios de recuperación:

Cando o alumnado non acada os obxectivos e as competencias establecidas en cada unidade, propóñense actividades lúdicas e rebaixase a súa dificultade, polo que é fácil chegar aos mínimos propostos

6. Medidas de atención á diversidade

A atención a diversidade establécese como principio fundamental que debe rexer todo ensino básico, co obxectivo de proporcionar a todo

alumnado unha educación adecuada as súas características e necesidades.

A atención a diversidade presupón partir da idea de que o grupo/clase non é homoxéneo e consideramos que os alumnos non son todos iguais, senón diferentes. O principio de heteroxeneidade comporta a existencia de distintos ritmos e niveis de aprendizaxe nunha mesma aula.

A estrutura da nosa programación facilita a adaptación ós diferentes ritmos de aprendizaxe, dando resposta tanto a aqueles nenos/as que non presentan dificultades significativas para alcanzar os obxectivos como aqueles que necesitan unha atención máis específica nun momento determinado. Co grupo de alumnos/as ó que vai dirixida esta programación terase en conta a diversidade de capacidades, intereses, motivacións, pero sobre todo, atenderase a maduración do alumnado, máximo nun período tan importante como é o inicio e despegue dos procesos lectoescritores.

As medidas plantexadas serán:

— Avaliación inicial a través da cal detectamos os coñecementos previos, actitudes, etc. que cada

nenos/a ten sobre o que traballamos. Isto permite prestar a axuda oportuna así como decidir sobre que aspectos debemos incidir.

— Unhas actividades complementarias programadas para cada unidade segundo as necesidades do alumno/a.

— Un clima e ambiente de traballo que favoreza a autonomía e o traballo en grupo e permita o mestre axustar a axuda e as actividades a cada caso segundo se requira.

— A avaliación vai servir para guiar e reconducir o proceso de aprendizaxe, determinando a axuda máis axeitada para cada alumno.

A atención o alumnado que presenta Necesidades Específicas de Apoio Educativo concretáanse do seguinte xeito:

a) Alumnado con dificultades de aprendizaxe: actividades de reforzo das diferentes unidades didácticas adaptándoas a cada nivel particular

b) O alumnado con dificultades de integración: posta en marcha de actividades grupais que fomenten a autoestima e a relación cos/as compañeiros/as, os pequenos grupos serán mixtos e rotatorios para que poidan relacionarse con todos/as eles/as.

Por outra banda sinalar, como indicábamnos na contextualización, que si na nosa aula acoden nenos/as pertencentes a outras culturas. As medidas que se adoptarán serán:

Programar actividades de coñecemento e integración afectiva.

— Incluir nas unidades elementos das diferentes culturas: costumes, paisaxes, gastronomía

— Trataremos de enriquecer a aula con materiais e recursos multiculturais.

— Intentaremos levar a cabo contactos coas familias, na medida do posible, solicitando a súa colaboración nas tarefas educativas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación para a Paz	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación ambiental.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a igualdade de sexos.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación moral e cívica.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación do consumidor.			X			X		
ET.6 - Educación para a solidariedade e a tolerancia.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a convivencia e o respecto polos demais, tendo en conta a diversidade	X	X	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
O Nadal	Elaboración do nacemento de Xesús na entrada do colexio	X		
Panxoliñas	Preparación de panxoliñas polo Nadal	X		

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Estableceuse unha relación adecuada entre competencias, obxectivos, contidos e criterios de avaliación.
A adecuación de obxectivos, contidos, medios e metodoloxía foi a axeitada ás necesidades reais da aula.
As actividades realizadas serviron para acadar os obxectivos propostos.
Estableceuse un clima afectivo-positivo, cun carácter lúdico e activo.
Os contidos permitiron ao alumnado acadar os obxectivos propostos.
Tívoise en conta ao alumnado NEAE para planificar os obxectivos, os contidos e as actividades de aprendizaxe.
Os recursos foron suficientes e adaptados á diversidade.
Na distribución do tempo tívoise conta a actividade a realizar, a dificultade e as características do alumnado.
A organización e coordinación dos equipos docentes aportou aspectos positivos.
Incluíronse nos obxectivos e contidos, aspectos transversais da Educación en Valores.
Os instrumentos empregados para as diferentes avaliacións aportaron ao profesorado información útil do alumnado.
Serviu para establecer unha relación, colaboración e implicación dos distintos membros da Comunidade Educativa.
Implicación dos membros.

Descrición:

Tal e como sinala a lexislación vixente a avaliación é un elemento fundamental de todo proceso educativo, que non só achega información sobre as aprendizaxes alcanzadas

polo alumnado, senón tamén que é en si mesma unha ferramenta de aprendizaxe e debe ser aplicada para que se converta nunha estratexia de mellora permanente do proceso de ensino e aprendizaxe. Os indicadores que se recollen neste apartado fan que se poidan valorar os diferentes apartados da práctica docente e da programación didáctica

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Avaliaremos a nosa programación:

— Trimestralmente, ao remate de cada avaliación (avaliación parcial).

— Ao final do curso (avaliación global).

Para iso teremos en conta os criterios de avaliación da programación establecidos, que serán comúns para todo o centro. Nas reunións de avaliación avaliarase a programación

Esta programación modificarase ao longo do curso segundo as necesidades educativas do alumnado, ampliando, modificando ou suprimindo o que se considere preciso en cada momento.

Os procedementos para avaliar a nosa programación basearanse na:

- . Observación directa da adecuación da

programación, en canto a obxectivos propostos, metodoloxía, criterios de avaliación, etc.

- . Observación da adecuación da programación ao centro e a aula, segundo as características do contorno en xeral e do alumnado en particular.

- . Observar se se establece unha boa ligazón coas competencias. Ao falar de competencias falamos dun proceso de aprendizaxes globais que comprenden o desenvolvemento de capacidades, máis que a exclusiva adquisición de contidos. A corrente das competencias implica a procura daquilo que é esencial para ser aprendido.

- . Observación e anotacións sobre a adecuación das accións de contribución da programación cos diferentes proxectos do centro

9. Outros apartados